

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO O 16 DE DECEMBRO DE 2021, BAIXO A PRESIDENCIA DE ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO

ACORDOS

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dos convenios de colaboración, así como a modificación dos límites e das porcentaxes dos pagamentos anticipados, entre a Xunta de Galicia, a través da Secretaría Xeral para o Deporte, con 57 federacións deportivas galegas por importe de catro millóns douscentos trinta mil douscentos noventa e catro euros (4.230.293 €), anticipado de gasto.
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración, así como a modificación dos límites e das porcentaxes dos pagamentos anticipados, entre a Xunta de Galicia, a través da Secretaría Xeral para o Deporte, coa Federación Galega de Piragüismo por importe de catrocentos oitenta e cinco mil trescentos oitenta e nove euros (485.389 €).

VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPRESA E INNOVACIÓN

- Acordo polo que se autoriza a subscripción do convenio plurianual de colaboración entre a Axencia Galega da Industria Forestal e a Universidade de Vigo para o estudo, desenvolvemento e demostración de elementos de madeira para a mitigación acústica, por un importe total de douscentos cincuenta e oito mil setecentos sesenta e dous euros con vinte céntimos (258.762,20€), anticipado de gasto.
- Acordo polo que se autoriza a subscripción e a exención de constitución de garantías e superación da porcentaxe no pagamento anticipado, do convenio entre o Instituto Galego de Promoción Económica (Igape), a Axencia Galega de Innovación (Gain), a Sociedad Gestora de Entidades de Inversión de Tipo Cerrado, S.A.U. (XesGalicia) e a Asociación Clúster Alimentario de Galicia (Clusaga), para a continuidade do foco de emprendemento no sector alimentario de Galicia

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

(Business Factory Food – BFFood), por un importe total de sete millóns seiscentos vinte e cinco mil catrocentos sesenta e un euros con catro céntimos (7.625.461,04 €), anticipado de gasto.

CONSELLERÍA DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

- Acordo polo que se autoriza a tramitación do expediente de contratación mediante Acordo marco cun único empresario da subministración e actualización tecnolóxica de software de servidor, backoffice e escritorio da Xunta de Galicia (expediente AMT-2021-0151) por un valor estimado de vinte e tres millóns setecentos corenta e sete mil corenta e seis euros con trinta e seis céntimos (23.747.046,36€).
- Acordo polo que se autoriza a tramitación do expediente de contratación mediante Acordo marco mixto cun único empresario, do servizo de actualización tecnolóxica de software de virtualización de servidor e da subministración de licenzas para creación dunha cloud privada da Xunta de Galicia (expediente AMT-2021-0112), por un valor estimado de dez millóns douscentos oitenta e nove mil trescentos setenta e sete euros con setenta céntimos (10.289.377,70€).

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre o Instituto Galego da Vivenda e Solo e o Concello de Vigo, mediante o que se prorroga a vixencia do Consorcio Casco Vello de Vigo.

CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE

- Acordo polo que se autoriza a obra denominada “Centro de saúde Olimpia Valencia en Vigo”, cun orzamento base de licitación de doce millóns oitocentos trinta e oito mil oitocentos dezaseis euros con sesenta e dous céntimos (12.838.816,62€) e un valor estimado de dez millóns seiscentos dez mil cincocentos noventa e dous euros con vinte e cinco céntimos (10.610.592,25€), tramitado como expediente anticipado de gasto.
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do Acordo de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, a través do Laboratorio de Medio Ambiente, e a entidade pública empresarial Augas de Galicia para a realización de mostraxe, análise e aplicación de índices de valoración necesarios para o proceso de avaliación do estado das masas de augas, tramitado como

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

expediente anticipado de gasto, por importe dun millón seiscentos sesenta e cinco mil cincocentos dez euros (1.665.510 €).

- Acordo polo que se autoriza o convenio de colaboración para o desenvolvemento conxunto do transporte metropolitano de Galicia na Área de Transporte Metropolitano de Vigo para o período 2022 – 2023, cunha aportación anual por parte da Xunta de Galicia dun millón douscentos quince mil seiscentos corenta e seis euros (1.215.646 €), tramitado como expediente anticipado de gasto.

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio plurianual de colaboración (2022-2025) entre o Parlamento de Galicia, a Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo, a Consellería de Cultura, Educación e Universidade, a Amtega e a Universidade de Santiago de Compostela para ampliación de contidos e a optimización e mellora da tecnoloxía do portal xurídico Lex.gal a través da aplicación de intelixencia artificial por un importe total de trescentos cincuenta e sete mil trescentos trinta e seis euros e noventa e nove céntimos (357.336,99 €), tramitado como expediente anticipado de gasto.
- Acordo polo que se autoriza a exención da obriga de constitución de garantías para os pagamentos anticipados previstos na Resolución da Axencia Galega das Industrias Culturais pola que se aproban as bases, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións a festivais do sector audiovisual celebrados en Galicia e se convocan para o ano 2022, de conformidade co artigo 67.4 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e tramitado como expediente anticipado de gasto.
- Acordo polo que se autoriza a establecer pagamentos anticipados en porcentaxe superior ao establecido no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, e a exención da obriga de constituír garantía na Resolución da Axencia das Industrias Culturais pola que se establecen as bases reguladoras, en réxime de concorrencia competitiva, para a concesión de subvencións á modernización e xestión sustentable das infraestruturas das artes escénicas e musicais ao abeiro dos fondos de Next Generation EU e o mecanismo de recuperación e resiliencia do Regulamento UE 2021/241 e se convocan para o ano 2022, e tramitado como expediente anticipado de gasto.
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Universidade e a Universidade de Santiago de

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Compostela (USC), Universidade da Coruña (UDC) e a Universidade de Vigo (UVIGO) para apoiar a eficiencia enerxética e a rehabilitación de edificios públicos do Sistema universitario de Galicia, por un importe total de catro millóns cincocentos mil euros (4.500.000 €), e a realización de pagamentos anticipados de ata o 100 % da subvención concedida.

- Acordo polo que se aproba o Plan galego de financiamento universitario 2022-2026.

CONSELLERÍA DE EMPREGO E IGUALDADE

- Acordo polo que se autoriza a Consellería de Emprego e Igualdade, de conformidade co previsto nos artigos 63 e 67 do Regulamento da Lei de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, para eximir da constitución de garantías e incrementar as porcentaxes máximas dos pagamentos anticipados das axudas que poderán ser concedidas ao abeiro da Orde da Consellería de Emprego e Igualdade pola que se establecen as bases reguladoras das axudas ás empresas de inserción laboral (EIL) e ás súas entidades promotoras, e se procede á súa convocatoria para o ano 2022, por importe dun millón de euros (1.000.000 €), tramitado como expediente anticipado de gasto.
- Acordo polo que se autoriza a Consellería de Emprego e Igualdade para establecer pagamentos anticipados en porcentaxe superior ao recollido no artigo 63 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, na Orde pola que se establecen as bases reguladoras de subvencións para sufragar os gastos de funcionamento das entidades asociativas de cooperativas, sociedades laborais, centros especiais de emprego e empresas de inserción e se convocan para o ano 2022. Importe total: trescentos trinta mil euros (330.000 €). Tramitación anticipada de gasto.
- Acordo polo que se autoriza a Consellería de Emprego e Igualdade para establecer pagamentos anticipados en porcentaxe superior ao recollido no artigo 63 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e se autoriza o compromiso plurianual de gastos, de acordo co establecido no artigo 58.1.b) do Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, previstos na Orde pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións ás entidades colaboradoras da Rede Eusumo para realizar actividades de promoción e impulso do cooperativismo e a economía

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

social, e se convocan para o ano 2022 e 2023. Importe total: seiscientos oitenta e tres mil euros (683.000 €). Tramitación anticipada de gasto.

- Acordo polo que se autoriza a Consellería de Emprego e Igualdade para establecer pagamentos anticipados en porcentaxe superior ao recollido no artigo 63 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, na Orde pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións públicas, destinadas ao financiamento do Programa investigo, de contratación de persoas mozas na realización de iniciativas de investigación e innovación, no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, e se procede á súa convocatoria para o exercicio 2022, por un importe de trece millóns cento vinte sete mil oitocentos vinte tres euros (13.127.823 €), tramitado como expediente anticipado de gasto.

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL

- Acordo polo que se autoriza a tramitación do expediente de gasto relativo á contratación administrativa, suxeita a regulación harmonizada, do servizo para a execución do programa Coidados Porta a Porta, incluído dentro do Plan de recuperación, transformación e resiliencia-financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU, tramitación anticipada (expediente 91/2021). Importe total de licitación: nove millóns cincocentos sesenta e oito mil catrocentos setenta e nove euros con corenta e oito céntimos (9.568.479,48€). Valor estimado: sete millóns novecentos sete mil oitocentos trinta e catro euros con vinte e oito céntimos (7.907.834,28€).
- Acordo polo que se autoriza a conselleira de Política Social para subscribir, en representación da Administración autonómica, un convenio co Instituto Nacional da Seguridade Social para o impulso e consolidación do sistema Tarxeta Social Dixital.

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Acordo polo que se autoriza a tramitación do expediente que ten por obxecto a contratación polo procedemento aberto suxeito a regulación harmonizada, mediante acordo marco cun único empresario, da subministración sucesiva por prezos unitarios de vehículos todoterreo e furgonetas, 3 lotes, proposta 35/21-I, expte. CMR-2022-0004, por un valor máximo estimado de seis millóns trescentos vinte e sete mil cincocentos setenta e cinco euros con vinte e cinco céntimos (6.327.575,25€).

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

- Acordo polo que se autoriza a Axencia Galega da Calidade Alimentaria (Agacal) da Consellería de Medio Rural á exención da obriga de constituír garantía nos pagamentos á conta das axudas que se concedan para a execución de proxectos dos grupos operativos da Asociación Europea da Innovación (AEI), cofinanciadas polo Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do PDR Galicia 2014-2020, convocadas para o ano 2022 e con tramitación anticipada de gasto.
- Acordo polo que se autoriza a Axencia Galega da Calidade Alimentaria (Agacal) da Consellería de Medio Rural á exención da obriga de constituír garantía nos pagamentos á conta das axudas que se concedan para o apoio aos proxectos piloto, desenvolvemento de novos produtos, prácticas, procesos e tecnoloxías, no ámbito agroforestal, cofinanciadas polo Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do PDR Galicia 2014-2020, convocadas para o ano 2022 e con tramitación anticipada de gasto.

CONSELLERÍA DO MAR

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería do Mar e a Universidade de Santiago de Compostela para a análise e control de infeccións por protozoos ciliados no Centro de Cultivos Mariños de Ribadeo, como parte da acción de investigación Seguimento e adaptación no submarea de navalla e ameixa babosa desde o criadeiro ao medio natural. Subseam CIMA 21/06, nas accións de investigacións do Centro de Investigacións Mariñas (CIMA), por un importe total de trinta e nove mil novecentos corenta e catro euros (39.944 €), tramitado como expediente anticipado de gasto.

INFORMES

VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPRESA E INNOVACIÓN

- Informe sobre a orde de axudas para evitar o corte de subministración eléctrica (bono eléctrico galego).

CONSELLERÍA DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

- Informe sobre Estratexia Cloud do sector público autonómico.

CONSELLERÍA DE SANIDADE

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

- Informe sobre a subministración de catro equipos de mamografía dixital destinados ao cribado mamográfico do programa galego de detección precoz do cancro de mama.
- Informe polo que se dá conta ao Consello da Xunta de Galicia da contratación polo trámite de emerxencia da 17ª adquisición de bens e contratación de servizos para facer fronte ás posibles consecuencias da onda infecciosa da COVID-19, por importe de trescentos dezasete mil cincuenta e oito euros (317.058 €) na Área Sanitaria de Pontevedra e O Salnés.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA SOBE O IMPORTE DOS CONVENIOS DAS FEDERACIÓNS DEPORTIVAS MÁIS DUN 7 % ACADANDO OS 4,7 MILLÓNS DE EUROS, O IMPORTE MÁIS ELEVADO DESDE 2010

Ademais, o Consello tamén aproba a modificación dos límites e das porcentaxes dos pagamentos anticipados para que todas as federacións deportivas de Galicia poidan desfrutar do cen por cento do pagamento de xeito anticipado

O Consello da Xunta deu luz verde aos convenios de colaboración que o Goberno galego, a través da Secretaría Xeral para o Deporte, asinará coas respectivas federacións deportivas. En total son 58 as federacións deportivas que xa teñen autorizados os seus convenios para realizar na súa integridade a totalidade das actuacións, actividades, funcións e tarefas que, conforme a Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia, asumen as federacións deportivas en réxime de exclusividade. Con todo, a Secretaría Xeral para o Deporte destinará en 2022 un total de 4.715.682 euros, un 7,42 % máis que o destinado en 2021 (4.390.146 euros), superando por vez primeira a dotación económica de 2010 e sendo a máis elevada desde aquela. Ademais, o Consello tamén aproba a modificación dos límites e das porcentaxes dos pagamentos anticipados para que todas as federacións deportivas de Galicia poidan desfrutar do cen por cento do pagamento de xeito anticipado.

Os 4.715.682 euros son distribuídos atendendo a criterios obxectivos, como son o número de licencias totais, licencias femininas e licencias de deportistas con discapacidade existentes na federación, o número de clubs participantes en competicións oficiais, os de campionatos de España e competicións internacionais organizadas, os deportistas da federación que formen parte das seleccións deportivas, o número de deportistas galegos de alto nivel ou de deportistas de alto nivel da federación ou, entre outros criterios obxectivos, as actividades de promoción e fomento realizadas nas actividades en idade escolar.

Os 58 convenios autorizados na sesión de hoxe son os das federacións deportivas galegas de actividades subacuáticas (19.912 euros), aeronáutica (13.477 euros), atletismo (248.3118 euros), automobilismo (167.884 euros), bádminton (100.850 euros), baloncesto (271.630 euros), balonmán (206.274 euros), básibol e sófbol (8.563 euros), billar (21.323 euros), birlos (23.050 euros), boxeo (29.988 euros), caza (30.938 euros), deportes autóctonos (18.376 euros), ciclismo (188.175 euros), colombicultura (3.428 euros), colombofilia (7.398 euros), deporte adaptado (80.243 euros), deportes de inverno (8.597 euros), esgrima (34.550 euros), espeleoloxía (26.265 euros), esquí náutico (8.947 euros), fútbol (262.049 euros), golf (49.217 euros), halterofilia (57.574 euros), hípica (71.951

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

euros), hóckey (56.354 euros), judo e deportes asociados (144.146 euros), karate e deportes asociados (71.140 euros), kickboxing (20.416 euros), kung-fu (32.894 euros), loita e deportes asociados (113.002 euros), montañismo (28.374 euros), motociclismo (63.750 euros), motonáutica (36.535 euros), natación (171.208 euros), orientación (25.943 euros), pádel (40.162 euros), patinaxe (56.860 euros), pelota (10.998 euros), pesca e casting (15.303 euros), petanca (12.317 euros), piragüismo (485.389 euros), remo (116.045 euros), rugby (45.602 euros), salvamento e socorrismo (21.469 euros), squash (69.028 euros), surf (66.716 euros), taekwondo (122.924 euros), tenis (109.412 euros), tenis de mesa (38.975 euros), tiro ao voo (6.131 euros), tiro con arco (47.028 euros), tiro olímpico (43.336 euros), triatlón e péntatlon moderno (172.463 euros), vela (292.285 euros), voleibol (83.386 euros), xadrez (53.808 euros) e ximnasia (83.506 euros).

Cómpre salientar que un dos aspectos que recollen maior subida orzamentaria son os proxectos de especial relevancia (PER) de cada federación -campionatos e eventos deportivos de relevancia autonómica, estatal e internacional, que se celebrarán na nosa comunidade e que contribuirán a situar a Galicia como referencia no ámbito deportivo e competitivo- ao aumentar nun 11 %, dos 357.725 euros en 2021 aos 396.530 euros de 2022.

Neste exercicio 2022, a Secretaría Xeral para o Deporte ten proxectado un orzamento inicial de 32.489.463 euros, un orzamento que sobe lixeiramente sobre o inicial de 2021 (32.474.216 euros). A porcentaxe de incremento dos convenios coas federacións deportivas é moito maior que a porcentaxe total de incremento do orzamento deportivo da Xunta, polo que un ano máis, os principais esforzos da Secretaría Xeral van dirixidos ao mantemento da actividade federativa.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA E A UNIVERSIDADE DE VIGO INVESTIGARÁN O USO DA MADEIRA COMO ELEMENTO DE ILLAMENTO ACÚSTICO EN INFRAESTRUTURAS DE TRANSPORTE

- O Consello da Xunta deu luz verde á firma deste convenio por un importe próximo aos 260.000 euros dos que o Goberno galego alcanzará o 86 %
- As actuacións consistirán no estudo desta posibilidade, a construción dun proxecto demostrativo no campus de Pontevedra, así como un protocolo de seguimento e a realización de xornadas divulgativas e cursos de formación para transferir o coñecemento obtido ao sector industrial
- Preténdese seguir avanzando, desde a innovación, no descubrimento de novos usos da madeira que permitan a xeración de valor na industria forestal

O Consello da Xunta de Galicia autorizou esta mañá a sinatura dun convenio entre a Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación, a través da Axencia Galega da Industria Forestal (Xera), e a Universidade de Vigo para investigar o uso da madeira como elemento de mitigación acústica.

Con este acordo, ao que se destinarán 258.762,20 euros -o 86 % a cargo da Xunta-, preténdese seguir poñendo en valor novos usos da madeira desde a innovación. Así, o convenio inclúe unha investigación enfocada ao estudo das alternativas para o emprego de madeira en elementos dedicados a illamento acústico en infraestruturas de transporte. Ademais, impulsarase a construción dun proxecto demostrativo no campus de Pontevedra empregando as solucións seleccionadas na fase anterior e estudaranse alternativas de integración con elementos vexetais. Tamén se realizará un protocolo de seguimento do ensaio, así como xornadas divulgativas e cursos de formación que permitan transferir o coñecemento obtido ao sector industrial.

Estas actuacións buscan abrir un novo uso e un novo mercado á madeira, propoñendo unha solución ambientalmente máis sustentable que as actuais -baseadas en plásticos e polímeros-, a través dun elemento natural, reutilizable, reciclable e procedente de montes xestionados de xeito sustentable. Así, favorécese a demanda de madeira local, permitindo incrementar o seu valor, á vez que se beneficia o medio rural.

A iniciativa está incluída nos obxectivos da Axenda de Impulso da Industria Forestal, que busca tanto impulsar novos produtos como apoiar a transferencia de coñecemento para a creación de novas actividades económicas e a diversificación produtiva.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

GALICIA IMPULSARÁ 44 NOVOS PROXECTOS DE EMPRENDEMENTO NO SECTOR DA ALIMENTACIÓN A TRAVÉS DA BUSINESS FACTORY FOOD

- O Consello da Xunta autoriza o acordo de colaboración da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación con Clusaga polo que se achegan, durante os próximos tres anos, máis de 7M€ para acelerar e consolidar pemes galegas do ámbito alimentario capaces de captar e reter talento, ademais de fortalecer o seu posicionamento e proxección internacional
- A aceleradora apoiou ata o de agora 34 proxectos innovadores -22 en programas de aceleración e 12 en programas de consolidación-
- Esta cooperación entre o Goberno galego e Clusaga súmase ao traballo que se está desenvolvendo para a posta en marcha dunha nova oficina técnica que facilite o impulso e a captación de proxectos no sector alimentario no marco dos fondos europeos Next Generation e do Perte comprometido pola Administración central

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura do convenio de colaboración entre a Administración autonómica -a través do Igape, a Axencia Galega de Innovación (Gain) e XesGalicia- e o Clúster Alimentario de Galicia (Clusaga), que dará continuidade á Business Factory Food (BFFood), aceleradora galega centrada neste sector estratéxico a nivel económico e laboral. Un acordo que, dotado con máis de 7 millóns de euros, permitirá impulsar, durante os próximos tres anos, 44 proxectos innovadores de emprendemento nesta industria.

A Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación reitera así a súa aposta por esta *business factory*, co obxectivo de acelerar e consolidar compañías innovadoras na cadea de valor do sector da alimentación, capaces de captar, atraer e reter talento e que contribúen a fortalecer o posicionamento dos produtos alimentarios galegos e a incrementar a proxección internacional das pemes do sector.

Neste sentido, ata o de agora a aceleradora apoiou 34 proxectos, 22 en programas de aceleración e 12 de consolidación. Iniciativas impulsadas que abranguen distintos eidos, como TripleAlpha, empresa tecnolóxica especializada na analítica de datos, cuxas técnicas estatísticas avanzadas permiten afondar nos procesos de fabricación e transformar os datos en información e coñecemento; Monkey Markets, que desenvolve un software especializado na exportación agroalimentaria que facilita ás pemes exportar aos mercados asiáticos; ou Galinsect, a primeira granxa de insectos de Galicia que, xunto co aspecto innovador na produción de proteína de insecto, potencia outros

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

factores como o coidado do ambiente, o fomento da economía circular, ou a repoboación do rural con actividades económicas sustentables.

Para manter e mellorar estas cifras a BFFood desenvolverase en torno a tres edicións que abarcarán o período 2022 – 2024, comprendendo catro fases de actuación: definición de retos e convocatoria, selección de proxectos, aceleración e consolidación.

Así, unha vez seleccionados, os proxectos pasarán pola fase de capacitación de equipos e aceleración, que durará nove meses e en que cada iniciativa recibirá unha axuda de 25.000 euros e poderá ter acceso a financiamento de ata 50.000 euros a través de préstamos de XesGalicia. Na fase de consolidación o financiamento poderá acadar os 250.000 euros.

Ata o de agora, as pemes participantes na BFFood contaron co asesoramento e colaboración de empresas tractoras do sector en Galicia como Bodegas Martín Códax, Cafés Candelas, Calvo, Capsa Food (Larsa), Clavo Food Factory, Cooperativas Lácteas Unidas (Clun), Congalsa, Galacteum, Gadisa, Kiwi Atlántico, Quescrem, Nueva Pescanova, Torre de Núñez e Viña Costeira.

A iniciativa enmárcase na rede galega de aceleradoras, que agrupa as iniciativas da Xunta para impulsar de xeito integral o emprendemento en ámbitos claves como a automoción (BFAuto), ou a aeronáutica (BFAero).

Colaboración con Clusaga

Así mesmo, a Business Factory Food é parte do traballo conxunto que veñen desempeñando a Xunta e o Clúster Alimentario de Galicia (Clusaga), e que se está a plasmar tamén na posta en marcha dunha nova oficina técnica que facilite o impulso e a captación de proxectos no sector alimentario no marco dos fondos europeos Next Generation.

Deste xeito, Galicia busca posicionarse ante a convocatoria do Proxecto estratéxico para a recuperación e transformación económica (Perte) para o sector agroalimentario que ten pendente de convocar o Goberno central. Así, esta oficina técnica permitirá traballar na mobilización dos distintos actores e territorios das cadeas agro e mar-industria a través da competitividade, a sustentabilidade e a rastrexabilidade.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA APROBA UN ACORDO MARCO PARA ACTUALIZAR O SOFTWARE DE SERVIDORES E BACKOFFICE DE ESCRITORIO

- A Xunta reduciu hai dous anos o uso de licenzas comerciais a un 25 % dos postos de usuario da Administración xeral autonómica
- Este acordo marco prevé un importe de máximos que permite que poidan acollerse ao mesmo outras entidades do sector público
- Ofrece flexibilidade e axilidade para dar resposta ás capacidades de crecemento en infraestruturas e plataformas que requirirán os novos proxectos de dixitalización vinculados aos fondos do Plan de recuperación e resiliencia

O Consello da Xunta aprobou hoxe un Acordo marco para a subministración e actualización tecnolóxica de software de servidor, backoffice e escritorio en diferentes organismos e entidades do sector público autonómico por un importe de 28,7 millóns de euros cunha vixencia de tres anos desde o primeiro contrato derivado.

Este acordo marco establece un importe de máximos que permite que poidan acollerse ao mesmo outras entidades do sector público. Ademais, esta fórmula ofrece maior flexibilidade e axilidade para poder dar resposta ás capacidades de crecemento en infraestruturas e plataformas que implicarán os novos proxectos de dixitalización vinculados aos fondos do Plan de recuperación e resiliencia.

A Xunta reduciu hai dous anos as licenzas comerciais a un 25 % dos postos de traballo da Administración autonómica e o 100 % dos postos da Administración de xustiza, que por razóns de compatibilidade coas plataformas do Estado precisan destas licenzas. Son, por tanto, os equipos do sector público autonómico que por razóns técnicas precisan usar estas licenzas comerciais xa que todo o parque informático do ámbito educativo, sanitario e das aulas e centros de formación para o emprego.

Debido ao constante cambio tecnolóxico e ás continuas melloras nas prestacións e funcionalidades que afectan todas as infraestruturas hardware e software do mercado e, en particular, as instaladas nas plataformas de servidor, backoffice e escritorio da Xunta de Galicia, que están en constante crecemento, é necesario proceder a actualización dos compoñentes software e a subministración de novas licenzas.

A redución de licenzas comerciais nos postos de escritorio iniciouse en 2015 coa migración progresiva do posto do empregado público a software libre. O actual Goberno galego vén optando polo software libre como unha solución en proxectos de calado en ámbitos como a educación coa iniciativa Abalar, a formación pública dixital a

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

través da Rede de CeMIT, en iniciativas chave da Administración dixital, como o Arquivo Electrónico ou o sistema de Xestión da Rede de Bibliotecas de Galicia.

Posto de traballo dixital

O novo modelo de posto de traballo avanzado do empregado público implica a adopción de plataformas e ferramentas colaborativas e que faciliten o traballo en mobilidade en un contexto dixital e seguro. Cómpre lembrar que a Xunta puxo este ano en marcha un Plan para a implantación do posto dixital avanzado, que beneficiará a 22.000 empregados públicos da Administración autonómica en dous anos.

Este novo posto de traballo dixital avanzado implica dotar os empregados públicos de novos dispositivos de acceso polivalentes, como portátiles de traballo, portátiles ultralixeiros ou tabletas, complementados con periféricos adaptados a cada perfil.

O plan define cinco perfís de postos de traballo: posto de xestión susceptible de teletraballo; posto de xestión fixo convencional; posto en alta mobilidade; posto técnico avanzado susceptibles de teletraballo e postos en espazos comúns.

O modelo estándar para a Administración autonómica será o posto de xestión susceptible de teletraballo. As persoas con este perfil disporán dun equipo portátil e un replicador de portos, que se complementará no posto presencial cunha pantalla fixa e os periféricos correspondentes.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA MANTÉN A SÚA APOSTA POLA REHABILITACIÓN EN VIGO A TRAVÉS DO CONSORCIO CASCO VELLO E AS ARI, NOS QUE XA SE INVESTIRON 47 M€

- O Consello autoriza a renovación do convenio do Consorcio, polo que o Goberno galego seguirá investindo nos próximos catro anos neste ámbito, onde xa se puxeron á disposición 117 vivendas protexidas e 35 locais comerciais
- Vigo, con 8 áreas de rehabilitación integral, é o segundo concello de Galicia con máis espazos deste tipo declarados e o que máis financiamento recibirá —máis de 2 millóns de euros— con base nos convenios de 2021 asinados recentemente
- En canto ás axudas directas para particulares, nos últimos sete anos beneficiáronse en Vigo preto de 3.000 familias, cun investimento total de 9,2 M€

A Xunta de Galicia mantén a súa aposta pola rehabilitación en Vigo a través do Consorcio dos Casco Vello e das áreas de rehabilitación integral, en que xa se investiron 47 millóns de euros, así como das diferentes liñas de axudas para particulares.

O Goberno galego investiu no Consorcio do Casco Vello de Vigo máis de 29 millóns de euros desde a súa creación, que permitiron a adquisición de 83 edificios, os cales se traduciron en 117 vivendas protexidas e 35 locais comerciais.

Cómpre lembrar que a Xunta, a través do Instituto Galego da Vivenda e Solo, participa nun 90 % no Consorcio, mentres que o Concello de Vigo asume o 10 % restante.

De feito, o Consello autorizou na súa reunión semanal a sinatura da renovación do convenio de colaboración polo que se rexen o Casco Vello de Vigo. Ao abeiro deste acordo, cuxa vixencia se prolongará agora ata o 31 de decembro de 2025, o Goberno galego achegará 1,6 millóns de euros en que a gastos de funcionamento ordinario se refire —400.000 euros ao ano—, que se sumarán ao orzamento dispoñible para seguir levando a cabo actuacións de mellora do patrimonio edificatorio deste ámbito.

Así, esta quinta prórroga do convenio xustifícase pola importancia da rehabilitación nas políticas da Xunta e o decisivo papel que desenvolve o Consorcio na recuperación do conxunto histórico de Vigo, que rexistra unha alta demanda dos inmobles cualificados como vivendas de protección autonómica.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Nos vindeiros anos, o foco de actuación centrarase na zona alta do Casco Vello, eliminando aqueles puntos negros que aínda persisten no tecido urbano, rehabilitando os inmobles que o precisan. Mentres, na zona baixa o esforzo investidor incidirá fundamentalmente na Ribeira do Berbés e na zona de Poboadores, comezando polos inmobles xa adquiridos.

Áreas de rehabilitación municipal en Vigo

O concello de Vigo conta con oito áreas de rehabilitación integral (ARI): Casco Vello, Casco histórico de Bouzas, Grupo de casas Santa Clara e rúa Bueu-Moaña en Coia, ademais das catro declaradas este ano, Espiñeiro-Teis, Beiramar, San Roque e San Pablo.

Deste xeito, Vigo é o concello pontevedrés co maior número de ARI declaradas e o segundo de toda Galicia, uns ámbitos aos cales xa lles consignou desde a declaración do primeiro un investimento de 18 millóns de euros e onde xa se recuperaron máis de 1.400 vivendas. De feito, é o municipio que máis financiamento recibirá —máis de 2 millóns de euros— con base nos convenios de 2021 asinados recentemente.

En canto ás axudas directas de rehabilitación para particulares, en que están incluídas tamén as de eficiencia enerxética, nos últimos sete anos beneficiáronse en Vigo preto de 3.000 familias, cun investimento total de 9,2 millóns de euros.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA A LICITACIÓN DAS OBRAS DO NOVO CENTRO INTEGRAL DE SAÚDE OLIMPIA VALENCIA EN VIGO, QUE SUPORÁ UN INVESTIMENTO DE 12,8 M€

- A Xunta prevé licitar nos vindeiros días as obras do novo centro de saúde, que ocupará o espazo do actual edificio da Audiencia Provincial na rúa Lalín
- Os orzamentos da Xunta para 2022 recollen unha partida de 2,3 M€ para iniciar as obras, unha vez trasladados á Cidade da Xustiza os servizos e o persoal da Audiencia
- O novo centro unificará a atención sanitaria do barrio das Travesas e incrementará a carteira de servizos de atención primaria que se prestan na actualidade, como son os de Fisioterapia, Odontoloxía e Farmacia, beneficiando 42.000 persoas
- As instalacións do novo CIS de Vigo inclúen urxencias, 20 consultas de medicina, 20 de enfermería, 8 de pediatría, 8 de enfermaría pediátrica, 2 de odontoloxía, área de rehabilitación ou a base do 061
- Trátase dun edificio funcional, cunha envolvente que garante que os profesionais do centro e os pacientes dispoñen de luz natural
- A fachada estará configurada por unha 'dobre pel', composta por un muro cortina de vidro combinado con fachada ventilada de aluminio e por unha celosía composta por listóns de madeira no seu exterior, o que lle dará unha imaxe diferente á actual
- Trátase da primeira obra que se licitará no marco do Plan de infraestruturas sanitarias de atención primaria, que prevé a posta en marcha de 37 novos centros de saúde e a ampliación e reforma doutros 14, beneficiando ao 25 % da poboación
- Desde o ano 2009, a Xunta construíu ou reformou 92 centros de saúde aos cales hai que engadir as obras en marcha nos CIS de Lugo e Lalín, sumando un investimento autonómico de preto de 120 M€ en infraestruturas de atención primaria

O Consello da Xunta autorizou hoxe a licitación das obras do novo centro integral de saúde (CIS) Olimpia Valencia, en Vigo, que suporán un investimento de 12,8 millóns de euros.

A Xunta prevé licitar nos vindeiros días as obras do novo centro de saúde, que ocupará o espazo do actual edificio da Audiencia Provincial, na rúa Lalín. Así, o novo centro integral de saúde situarase nas proximidades da praza de América, entre os barrios das Travesas e Coia.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O Goberno galego recolle nos orzamentos para 2022 unha partida de 2,3 M€ para iniciar as obras deste proxecto estratéxico unha vez que se conclúa o traslado dos servizos e do persoal da Audiencia Provincial á Cidade da Xustiza de Vigo. As obras contarán cun prazo de execución de 18 meses.

O novo Centro de Saúde Integral representará unha oportunidade de mellora dos servizos sanitarios da cidade, unificará a atención sanitaria do barrio das Travesas e incrementará a carteira de servizos de atención primaria que se presta na actualidade. O futuro CIS beneficiará unha poboación de 42.000 persoas.

O obxectivo fundamental da nova infraestrutura é substituír o centro de saúde de López Mora, que está obsoleto, presentando unhas condicións estruturais que son mellorables, cunha evidente limitación espacial que condiciona o seu crecemento e desenvolvemento. Ademais, permitirá completar a carteira de servizos de atención primaria e dotar esa zona daquelas prestacións que, a día de hoxe, non están dispoñibles en ningún dos seus centros de saúde, como Fisioterapia, Odontoloxía e Farmacia.

As obras a executar

A distribución interior do edificio está adaptada ao uso xudicial, polo que se remodelará a súa configuración. Neste sentido, as súas fachadas tamén serán renovadas, xa que non se adaptan ás necesidades de iluminación natural requiridas para crear espazos sanitarios de calidade.

As instalacións, con 7.619 m² construídos, albergarán servizo de urxencias, unha área asistencial con 20 consultas de medicina xeral, 20 de enfermaría, 8 de pediatría, 8 de enfermaría pediátrica, 2 de odontoloxía e áreas da muller, de rehabilitación, de telemedicina, de administración e a base do 061.

Trátase dun edificio funcional e acolledor, cunha envolvente que garante a posibilidade de que a maioría dos postos de traballo e estancia de pacientes dispoñan de luz natural e contacto co exterior.

A imaxe do edificio será moi diferente á que ofrece actualmente: a fachada compoñerase dunha 'dobre pel', composta por un muro cortina de vidro, combinado con fachada ventilada de aluminio e a 80 cm deste cerramento no seu exterior, dispoñerase unha celosía composta por listóns de madeira de piñeiro termotratada.

Distribución

No que se refire á distribución das instalacións, no soto situarase unha base para o 061, cun funcionamento autónomo con respecto ao centro de saúde; tamén as instalacións do edificio, vestiarios e unha zona de carga e descarga e subministracións.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Na planta 0 estará a recepción, así como as urxencias, con dúas salas polivalentes e unha de observación. Neste andar situarase tamén a área de traballo social e a de rehabilitación, que contará con 2 consultas de fisioterapia, ximnasio e 6 cabinas.

O primeiro andar dedicarase a área integral de atención pediátrica, de modo que se minimicen os percorridos dos cativos polo edificio.

O segundo e o terceiro andar contarán con consultas de medicina e de enfermaría; e o cuarto combina unha zona de consultas de medicina e enfermaría cun espazo central dedicado a farmacia e odontoloxía. Na parte oeste concéntrase a área de atención á muller, cunha aula de preparación ao parto e dúas consultas de matronas.

O quinto andar disporá de salas de docencia, espazos de telemedicina, despachos de administración e a sala de xuntas.

Plan de Infraestruturas Sanitarias

O centro integral de saúde Olimpia Valencia será o primeiro do que se licitan as obras dos previstos no Plan de infraestruturas sanitarias de atención primaria aprobado no Consello da Xunta o pasado día 29 de outubro. Este Plan prevé a posta en marcha nos vindeiros anos de 37 novos centros de saúde e a ampliación e reforma doutros 14. Estas 51 actuacións están divididas en tres fases que benefician ao 25 % da poboación galega – 650.000 usuarios-, cunha planificación que segue criterios técnicos e asistenciais como: a antigüidade dos centros, o seu estado de conservación ou as carencias funcionais e operativas.

Desde o ano 2009, a Xunta de Galicia construíu ou reformou un total de 92 centros de saúde, o que supuxo actuar sobre máis de 75.000 metros cadrados. A eles hai que engadir as dúas obras que están en marcha (os centros integrais de saúde de Lugo e Lalín, tamén executados pola Axencia Galega de Infraestruturas). En total, a Administración autonómica investiu, nestes 12 anos, preto de 120 millóns de euros en infraestruturas sanitarias de atención primaria.

Imaxe do centro integral de saúde Olimpia Valencia de Vigo:

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS



COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA AUTORIZA UN INVESTIMENTO DE PRETO DE 1,7 M€ NO CONTROL E SEGUIMENTO DA CALIDADE DAS AUGAS DA DEMARCAÇÃO HIDROGRÁFICA GALICIA-COSTA NOS VINDEIROS DOUS ANOS

- O Goberno galego dálle o visto e praxe ao convenio de colaboración entre Augas de Galicia e o Laboratorio de Medio Ambiente para o seguimento do estado das masas das augas continentais, costeiras e de transición de competencia autonómica
- As análises das diferentes categorías de masa de auga nos 346 puntos de mostraxe previstos no acordo permiten á entidade hidráulica identificar os problemas asociados aos sistemas de saneamento e depuración e actuar onde é prioritario
- Os traballos céntranse na avaliación dos distintos indicadores físico-químicos, biolóxicos, hidromorfolóxicos e químicos que radiografan a situación dos ríos, encoros ou augas costeiras da demarcación e comprobando a súa evolución
- No período 2020-2021 realizáronse unhas 5.000 mostraxes e análises que permitiron facer un seguimento do estado de 182 masas de auga río, 19 masas de auga encoro, 26 masas de auga costeira, 4 lagoas costeiras e 24 masas de auga de transición
- A Xunta, a través dun mellor aproveitamento dos recursos da Administración, contribúe con estas accións á conservación dos sistemas fluviais e costeiros

O Consello da Xunta autorizou hoxe o acordo de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, a través do Laboratorio de Medio Ambiente de Galicia, e a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, mediante Augas de Galicia, para avaliar o estado das masas de auga superficiais da Demarcación Hidrográfica Galicia-Costa.

Este acordo para o control e seguimento da calidade das augas na demarcación hidrográfica de competencia autonómica entrará en vigor o vindeiro 1 de xaneiro de 2022 e prolongarase durante dous anos, cun orzamento estimado de preto de 1,7 millóns de euros.

O convenio ten por obxecto regular a cooperación entre ambos os dous departamentos de cara a unha adecuada programación e desenvolvemento da análise e xestión das redes de control de control vixilancia e operativa das augas continentais, costeiras e de transición da Demarcación Hidrográfica de Galicia-Costa.

Augas de Galicia vén realizando un continuo traballo de seguimento, avaliación e control do estado das augas superficiais e as normas de calidade ambiental na demarcación

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Galicia-Costa. Estas accións están organizadas en distintos programas con que se valora o cumprimento dos obxectivos ambientais que exige a lexislación actual e que parte do marco común europeo.

Os traballos obxecto da colaboración autorizada hoxe polo Goberno galego céntranse así no cálculo dos distintos indicadores físico-químicos, biolóxicos, hidromorfolóxicos e químicos que radiografan a situación do ríos, encoros ou augas costeiras e de transición da demarcación Galicia-Costa e comprobando a evolución do seu estado.

Para realizar estes labores, no acordo prevense 346 puntos de mostraxe, que se distribúen nos diferentes programas de seguimento das masas de augas superficiais e con distintas frecuencias segundo a normativa de aplicación. A partir da toma de mostras e a análise destes parámetros das redes de control vixilancia e operativa definidas no Plan Hidrolóxico da Demarcación Hidrográfica de Galicia-Costa, Augas de Galicia establece onde é necesario aplicar medidas para mellorar o estado das masas de auga.

Deste xeito, por exemplo, estes controis permiten identificar á entidade hidráulica da Xunta os problemas asociados aos sistemas de saneamento e depuración e onde é prioritario actuar, mellorando as instalacións existentes.

Con este novo acordo de cooperación entre ambos departamentos da Xunta mantense o traballo desenvolvido pola Xunta de cara a unha adecuada programación, análise e xestión das redes de control definidas no Plan Hidrolóxico da Demarcación Hidrográfica de Galicia-Costa.

Cómpre subliñar que baixo o paraugas do acordo que se renova agora, no período 2020-2021 realizáronse unhas 5.000 mostraxes e análises que permitiron facer un seguimento do estado de 182 masas de auga río, 19 masas de auga encoro, 26 masas de auga costeira, 4 lagoas costeiras e 24 masas de auga de transición.

Isto supón que en máis do 50 % das masas de augas superficiais existentes na demarcación Galicia-Costa existe un punto de control en que se realizan as mostraxes e análises necesarias para unha valoración completa do seu estado segundo a lexislación de referencia.

Compromisos

Por unha parte, o Laboratorio de Medio Ambiente de Galicia (LMAG) asume o compromiso de realizar a toma de mostras en augas superficiais continentais, augas

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

costeiras e augas de transición, así como o seu transporte e custodia ata as instalacións do laboratorio, onde se desenvolverán as actividades correspondentes para a súa análise.

O Laboratorio manterá informado ao organismo competente en materia de augas da marcha dos traballos, entregaralle os resultados periodicamente e facilitaralle todos os datos e a información que lle soliciten ao respecto.

Por outra parte, Augas de Galicia, entidade pública adscrita á Consellería de Infraestruturas e Mobilidade e responsable da xestión da Demarcación Hidrográfica Galicia-Costa, exercerá a dirección técnica do desenvolvemento das accións.

A Xunta, a través dun mellor aproveitamento dos recursos propios da Administración, contribúe así con estas accións a determinar o estado das masas de auga superficiais, costeiras e augas de transición da demarcación e á conservación dos sistemas fluviais e costeiros.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA AUTORIZA O NOVO CONVENIO DO PLAN DE TRANSPORTE METROPOLITANO DA ÁREA DE VIGO PARA OS 2 VINDEIROS ANOS CUN INVESTIMENTO AUTONÓMICO DE MÁIS DE 2,4 M€

- O Goberno galego financiará os descontos do 80 % nos billetes interurbanos, ademais do 100 % dos transbordos e as bonificacións adicionais aos usuarios recorrentes e membros de familias numerosas coa achega de máis de 1,2 M€ ao ano
- Os 12 concellos que conforman esta área de transporte achegarán 283.000 ao ano
- Trátase de darlle continuidade a este plan social que leva permitido a realización de 17,5 millóns de viaxes bonificadas en autobús e barco na zona, incrementándose o seu uso nun 6 % desde o seu inicio, pese ás restricións de mobilidade da COVID-19
- Máis de 79.000 veciños da área estanse a beneficiar dos descontos da Tarxeta de Transporte Metropolitano nos seus desprazamentos cotiáns, cos que poden acadar aforros que roldan os 600 euros ao ano
- Máis de 21.000 mozos de menos de 21 anos da área xa viaxan de balde coa tarxeta Xente Nova por toda Galicia no autobús da Xunta
- O acordo dálle continuidade ao plan en condicións similares ás que se veñen aplicando desde 2015, mentres a Xunta avanza cara á implantación da Área de Transporte de Galicia

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura do novo convenio de colaboración para o desenvolvemento conxunto do Plan de Transporte Metropolitano de Galicia na Área de Vigo para os vindeiros anos 2022 e 2023, cun investimento autonómico de máis de 2,4 millóns de euros.

O Goberno galego achegará anualmente máis de 1,2 millóns de euros para financiar os descontos do 80 % que se aplican nos billetes interurbanos, ademais do 100 % dos transbordos, que son gratuítos, e as bonificacións adicionais aos usuarios recorrentes (15 %) e membros de familias numerosas, de ata o 50 %.

Entre os 12 concellos que conforman esta área de transporte, en que non está incluído o Concello de Vigo, achegarán un importe de 283.000 ao ano.

Mediante este acordo, dáse continuidade á colaboración da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade cos 12 concellos que integran a Área de Transporte Metropolitano de Vigo, que son: Baiona, Cangas, Fornelos de Montes, Moaña, Mos,

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Nigrán, Pazos de Borbén, O Porriño, Redondela, Salceda de Caselas, Salvaterra de Miño e Soutomaíor.

O obxectivo do convenio hoxe aprobado é garantir a continuidade deste plan social en condicións similares ás que se aplican desde a súa posta en marcha en marzo de 2015.

O Plan de Transporte Metropolitano na Área de Vigo ten incrementado en preto do 6 % o uso do transporte público desde a súa posta en marcha, pese á pandemia da COVID-19, que supuxo restricións de mobilidade, permitindo a realización de 17,5 millóns de viaxes bonificadas. Cómpre subliñar que esta suba na demanda do transporte público na área situábase en máis do 21 % desde a posta en marcha do Plan ata o ano 2019, previo á pandemia.

Así, no ano 2016 realizáronse case 2,7 millóns de viaxes bonificadas dentro do Plan e no 2019 máis de 3,2 millóns, acadándose ata mediados de novembro deste ano a cifra de 1,9 millóns de viaxes. En canto á modalidade de transporte, cómpre destacar que o transporte de ría entre Vigo e as vilas de Cangas e de Moaña representa case o 40 % do total de viaxes bonificadas e o autobús o 60 %.

Na actualidade máis de 79.000 veciños da Área de Vigo estanse a beneficiar dos descontos da Tarxeta de Transporte Metropolitano, TMG, nos desprazamentos cotiás, coa que poden acadar aforros que roldan os 600 euros ao ano.

Tarxeta Xente Nova

Máis de 21.000 mozos de menos de 21 anos da área que xa viaxan de balde en autobús ou en barco coa tarxeta Xente Nova da Xunta. A culminación, este ano, da extensión da tarxeta Xente Nova aos 313 concellos de Galicia, permite tamén que estes mozos poidan viaxar gratis por todo o territorio en calquera das 3.300 liñas de autobús da Xunta.

O acordo aprobado polo Executivo autonómico renova e reforza a promoción do transporte público colectivo na Área de Vigo, mentres a Xunta continúa avanzando cara á implantación ao longo do vindeiro ano da Área de Transporte de Galicia, que suporá estender os beneficios das grandes áreas de transporte metropolitano da Coruña, Ferrol, Santiago, Lugo e esta de Vigo ao conxunto do territorio.

O presente convenio entrará en vigor o 1 de xaneiro do 2022 e manterá a súa vixencia por dous anos, prorrogables. Non obstante, o convenio recolle a previsión de finalización no momento en que se produza a implantación da Área de Transporte de Galicia.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Área de Transporte de Galicia

A Área de Transporte de Galicia suporá a activación dunha mesma tarifa en toda a Comunidade, despenalizando os transbordos, incluídos os que impliquen ao autobús urbano, que serán bonificados ao 100% polo Executivo autonómico.

O Goberno galego continúa apostando polo fomento do uso do transporte público en detrimento do vehículo particular, o que supón importantes aforros económicos para as familias e vantaxes sociais e ambientais para os cidadáns.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA INVESTIRÁ MÁIS DE 357.300€ PARA AMPLIAR OS CONTIDOS E IMPLANTAR MELLORAS TECNOLÓXICAS NO PORTAL XURÍDICO LEX.GAL

- O Consello da Xunta aprobou hoxe un novo convenio plurianual para o período 2022-2025 entre a Vicepresidencia Primeira da Xunta, a Consellería de Cultura, Educación e Universidade, a Amtega, o Parlamento de Galicia e a Universidade de Santiago para continuar a desenvolver e actualizar a información do portal
- As actuacións levadas a cabo co primeiro acordo entre 2019 e 2021 e o que se asinará agora por outros tres anos supón un investimento total no proxecto duns 496.000€

O Consello da Xunta acordou hoxe a autorización dun convenio de colaboración entre a Vicepresidencia Primeira da Xunta, a Consellería de Cultura, Educación e Universidade, a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega), o Parlamento de Galicia e a Universidade de Santiago para ampliar os contidos e optimizar a mellora da tecnoloxía do portal xurídico galego Lex.gal a través da aplicación da intelixencia artificial.

O novo acordo plurianual para o período 2022-2025 suporá un investimento de máis de 357.300 euros, que sumados aos máis de 138.600 euros do convenio anterior asinado coas mesmas entidades para executar o proxecto entre 2019 e 2021 suma un investimento total de case 496.000 euros.

O convenio que se está a tramitar permitirá mellorar a tecnoloxía de soporte do portal e ampliar as súas seccións actuais. En concreto, no que se refire aos contidos relacionados con normas con rango de lei, decretos e ordes da sección de disposicións xerais publicadas no *Diario Oficial de Galicia (DOG)*, así como a selección das resolucións máis relevantes da sección de disposicións xerais. Tamén se afondará na normativa estatal e da Universidade de Santiago consolidadas en lingua galega e na xurisprudencia tanto do Tribunal Constitucional en relación con normas anteriores como da Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (TSXG).

O portal xurídico galego presentouse en decembro de 2016 como un proxecto de colaboración do que se asinou o primeiro convenio para o desenvolvemento do portal en xuño de 2017 e no ano 2019 un novo acordo por tres anualidades.

Lex.gal é unha completa base de datos con toda a lexislación ditada pola comunidade en galego e consolidada. Con esta ferramenta ábrese á cidadanía a

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

posibilidade de dispor, en rede e con contido actualizado, dun acceso á versión consolidada, actualizada e en galego de todas as normas ditadas desde 1981 pola nosa comunidade.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA APROBA AS BASES DAS SUBVENCÍONS A FESTIVAIS AUDIOVISUAIS CUNHA DOTACIÓN DE 210.000 EUROS

- Incrementábase o seu orzamento nun 5 % respecto ao ano pasado, consolidando o progresivo crecemento económico desta liña de apoio a certames organizados de xeito profesional e considerados estratéxicos para o sector
- Coa súa próxima convocatoria, ábrese o programa de axudas ao audiovisual galego para 2022, que se verá reforzado coas novas iniciativas que o Goberno autonómico está poñendo en marcha a través do Hub Audiovisual da Industria Cultural

O Consello da Xunta aprobou hoxe as bases das subvencións a festivais audiovisuais, así como a súa convocatoria para o ano 2022, que será publicada proximamente no *Diario Oficial de Galicia* (DOG). Esta liña de apoio dótase con 210.000 euros, cifra que supón un incremento do 5 % respecto a 2021 e consolida a tendencia á alza no seu orzamento, en progresivo e continuo ascenso desde a creación en 2014 desta liña de apoio para certames e mostras do sector que se celebran de xeito profesional en Galicia e que, polas súas características, teñen un interese estratéxico no seu ámbito.

As axudas, en réxime de concorrencia competitiva, diríxense a asociacións, empresas e entidades locais organizadoras de festivais, certames, semanas ou mostras celebradas entre o 1 de novembro de 2021 e o 31 de outubro de 2022, sempre que contén cunha duración mínima de catro xornadas e, cando menos, con 20 proxeccións, ademais de ter realizado un mínimo de tres edicións consecutivas nos anos inmediatamente anteriores. Entre outros requisitos, a proposta de programación debe conter o cinco por cento de títulos ou cinco sesións de produción cinematográfica e/ou dirección galegas.

Ademais, co obxectivo de facilitar o seu financiamento, o Consello autorizou especificamente a exención da constitución de garantías para os pagamentos anticipados de máis de 18.000 euros ás entidades que resulten beneficiarias.

Coa aprobación destas bases, o Goberno galego mantén o seu compromiso con este tipo de eventos nun marco de actuación cultural baseado no impulso do sector audiovisual para a Comunidade, consolidando industrias rendibles desde o punto de vista económico e social, facéndoas competitivas e susceptibles de exportar os seus produtos. Recoñécese, ao tempo, o carácter estratéxico dos festivais audiovisuais como motores de dinamización cultural, ademais de económica e turística, nas súas localidades e comarcas.

Primeira convocatoria para 2022

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Esta será, así mesmo, a primeira das convocatorias do programa anual de subvencións para 2022 que a Consellería de Cultura, Educación e Universidade xestiona a través da Axencia Galega das Industrias Culturais. Neste contexto, publicaranse tamén as habituais liñas de axudas a producións e coproducións audiovisuais, impulso ao talento, desenvolvemento de proxectos e comercialización e difusión de obras audiovisuais, ademais de se lle dar continuidade á de exhibición cinematográfica convocada por vez primeira este ano 2021.

Ademais deste consolidado programa de apoio, a Xunta está a deseñar e desenvolver novas e pioneiras iniciativas de impulso ao sector a través do seu Hub Audiovisual da Industria Cultural. Trátase dun programa de apoio sen precedentes que busca acelerar a recuperación e garantir a estabilidade dos profesionais do audiovisual e do resto das industrias culturais galegas e que suporá un investimento de 9,6 millóns de euros a través do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) dentro do Eixo REACT-UE do Programa Operativo Feder Galicia 2014-2020, como parte da resposta da Unión Europea á pandemia da COVID-19.

Entre as medidas en marcha ao abeiro do Hub Audiovisual destaca a primeira convocatoria do seu fondo para a atracción de rodaxes, dotada con 2 millóns de euros para empresas galegas co obxectivo de realizar proxectos xunto con produtoras, canles de televisión e plataformas de fóra de Galicia. Un dos primeiros proxectos que verá a luz ao abeiro desta iniciativa será a serie *Rapa*, producida por Movistar + xunto á empresa galega Portocabo, thriller ambientado na serra da Capelada que comezou a súa gravación na Comunidade galega.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA ABRE UNHA NOVA LIÑA DE AXUDAS DE 1,2M€ PARA MODERNIZAR OS TEATROS, AUDITORIOS E SALAS ESCÉNICAS E MUSICAIS

- O Consello aproba as bases e a próxima publicación da que é a primeira convocatoria destinada ao sector cultural galego ao abeiro do mecanismo europeo de recuperación e resiliencia dos fondos Next Generation EU
- A dixitalización, a xestión sostible e o respecto medioambiental centrarán as accións subvencionables desta vía de apoio para espazos públicos e privados de exhibición de espectáculos, que terá continuidade cunha segunda convocatoria o ano que vén

O Consello da Xunta aprobou hoxe as bases e a próxima publicación, en réxime de concorrencia competitiva, dunha nova liña de subvencións para a modernización e xestión sostible das infraestruturas de artes escénicas e musicais, para a que conta cunha dotación de máis de 1.210.000 euros. Trátase da primeira das convocatorias dirixida ao sector cultural galego que será xestionada pola Administración autonómica ao abeiro do mecanismo europeo de recuperación e resiliencia dos fondos Next Generation EU.

A dixitalización, a xestión sustentable e o respecto ambiental son as prioridades desta nova vía de apoio aos espazos de exhibición de espectáculos de teatro, danza, música, maxia ou novo circo, que terá continuidade cunha segunda convocatoria o ano que vén. As destinatarias son as súas entidades xestoras, tanto as privadas como as integrantes da Administración local, para o desenvolvemento de proxectos de modernización desde o día seguinte da publicación da convocatoria no *Diario Oficial de Galicia* (DOG) ata o 31 de decembro de 2022.

Estas axudas implicarán a renovación dos sistemas dixitais de iluminación, vídeo, audio, maquinaria escénica e produción en teatros, auditorios e salas, o que redundará nunhas mellores condicións de traballo do persoal técnico e artístico, así como nunha meirande calidade na exhibición dos espectáculos diante do público. Atenderanse, asemade, as necesidades de rehabilitación dos edificios para mellorar a súa eficiencia enerxética e favorecer a súa adaptación ao cambio climático.

Con este fin, subvencionaranse os custos de elaboración dos proxectos técnicos; as obras de instalación, modernización e rehabilitación; a compra, montaxe e instalación de equipos e materiais; a renovación das ferramentas de xestión artística e de produción de espectáculos ou os gastos de auditoría, entre outros. A contía da axuda no caso das entidades privadas poderá alcanzar ata o 80 % do orzamento da proposta, cun límite de

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

30.000 euros por beneficiaria, mentres que para as entidades públicas esta porcentaxe sitúase no 70 % e a axuda máxima en 50.000 euros.

Ademais, o Consello autorizou especificamente a exención da constitución de garantías para os pagamentos anticipados solicitados polas adxudicatarias co obxectivo de facilitar e axilizar o financiamento dos seus proxectos.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O PLAN DE FINANCIAMENTO UNIVERSITARIO MÁIS AMBICIOSO DA HISTORIA SUMA UNHA ACHEGA DE 4,5M€ COMO ANTICIPO DO PLAN DE MELLORA DE FACULTADES E EDIFICIOS

- O Consello da Xunta deu hoxe luz verde á folla de ruta de financiamento das universidades públicas galegas para os próximos cinco anos
- As universidades públicas galegas reciben un financiamento por alumnado moi superior á media nacional que sitúa a Galicia como a terceira comunidade en porcentaxe de PIB destinado
- O novo plan reforza a investigación cun 41 % máis de fondos, ata os 400M€
- Habilita por primeira vez un plan de viabilidade financeira, eficiencia e mellora estratéxica, como medida de fomento de actuacións de mellora
- Asinarase un convenio específico para acometer a mellora da eficiencia enerxética e a rehabilitación de edificios universitarios, a maiores do novo subfondo para gasto corrente e mantemento de infraestruturas incluído no plan
- O obxectivo do novo plan é afondar nun modelo de universidades de futuro, nunha aposta pola investigación, a docencia innovadora e a transferencia á sociedade

O Consello da Xunta deu hoxe luz verde ao Plan galego de financiamento universitario para o período 2022-2026, a maior achega da historia do Goberno galego ás universidades públicas. Esta folla de ruta prevé mobilizar arredor de 3.200M€ no próximo quinquenio, o que supón case un 30 % máis que os inicialmente previstos para o plan no período 2016-2020. A isto engádese unha achega de 4,5M€ aprobada tamén hoxe na reunión semanal do Goberno autonómico como anticipo do futuro plan de mellora de facultades e edificios que se aprobará en 2022.

As contías xa comprometidas nos orzamentos de 2022 para o plan ascenden a máis de 468M€, un incremento do 5,4 % respecto do ano actual. Serán un total de case 24M€ máis que en 2021.

O Plan galego de financiamento universitario 2022-2026, consensuado entre a Xunta e as tres universidades públicas galegas, pretende situar o ensino universitario de Galicia no mapa das mellores institucións universitarias no contexto español e europeo. Afóndase así nun modelo de futuro cunha aposta pola investigación, a docencia innovadora e a transferencia á sociedade.

Na actualidade as universidades galegas reciben un financiamento por alumnado moi superior á media nacional. Neste sentido, Galicia é a 4ª CCAA no importe que reciben as

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

universidades por cada estudante de grao (9.337€). Achégase ás universidades públicas o 0,71 % do PIB, o que nos sitúa como a terceira comunidade autónoma de toda España, moi por riba do 0,58 % da media nacional.

Eixos de actuación

O novo Plan de financiamento centra as actuacións en seis eixos considerados fundamentais para a mellora dos resultados do Sistema Universitario de Galicia (SUG), baseándose nos estudos realizados nos últimos anos para a mellora dos resultados.

O primeiro deles é o financiamento, para o que se terá en conta a determinación do financiamento global das universidades, contabilizando todos os fondos que reciban fóra do plan, públicos e privados. Outro dos principais eixos é a internacionalización, para o que se impulsará o posicionamento das universidades galegas en niveis competitivos a nivel global nos diferentes ránkings. Ao tempo, no marco do terceiro eixo, impulsaranse as relacións universidade-empresa.

Entre os obxectivos primordiais tamén figura a docencia innovadora, polo que se apostará por novas metodoloxías docentes ou o desenvolvemento das competencias específicas para cada título. Todo acompañado dun desenvolvemento acelerado das tecnoloxías facilitadoras do proceso formativo, unha dixitalización para a que este ano a Xunta xa destinou 10M€ ás universidades. Outro dos eixos consiste no impulso da investigación avanzada, para o que se abordará un novo salto de calidade cun modelo propio de carreira investigadora, a consolidación da rede dos centros e o incremento da captación de talento fóra da universidade galega.

Finalmente, procurarase unha maior sustentabilidade social e medioambiental das universidades, xerando continuo impacto positivo para acadar unha sociedade máis xusta e máis proactiva co coidado do planeta e coa loita contra o cambio climático.

Rendición de contas

O plan avanza na aplicación do principio de transparencia e publicidade que debe rexer toda actividade pública, polo que inclúe unha epígrafe de rendición de contas estruturado en dúas partes diferenciadas.

A primeira delas inclúe un cadro de mando que reflectirá os resultados globais das universidades públicas do SUG nas principais áreas de actuación destas institucións. A través deste cadro de mando informarase á sociedade do cumprimento de obxectivos de financiamento (recursos captados, por exemplo), internacionalización (posición en ránkings, profesorado estranxeiro...), relación entre universidade e empresa (spin offs,

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

graos duais, ingresos xerados en I+D), docencia innovadora (taxas de idoneidade, gradación, cambio ou abandono), investigación avanzada (número de teses, publicacións, patentes...) e responsabilidade social (número de mulleres no persoal docente investigador, egresados traballando en Galicia ou esforzo de apoio ao estudantado).

A segunda parte é o panel de indicadores en que se recollerán os resultados concretos por universidade, permitindo medir obxectivamente a evolución dos resultados obtidos en actividades concretas.

Fondo non condicionado

O Plan galego de financiamento universitario 2022-2026 estrutúrase en dous fondos. O primeiro deles, o *Financiamento non condicionado*, consta dos orzamentos necesarios para blindar o normal funcionamento das universidades públicas do Sistema universitario de Galicia (SUG), de xeito que os créditos percibidos mediante transferencias das partidas deste fondo non están vencelladas á realización dunha determinada actuación de gasto ou de investimento, é dicir, son de plena disposición das universidades.

Estrutúrase en seis subfondos, destinados a subvencionar os gastos correntes asociados á docencia, os complementos retributivos autonómicos, financiar a compensación polos prezos públicos de matrícula, que en Galicia levan 11 anos conxelados, e as achegas para o cumprimento de obxectivos funcionais de diversos seguintes órganos e entidades (a Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia, por exemplo).

Como novidade inclúense un subfondo para gasto corrente e mantemento de infraestruturas, dotado con 28,3M€, destinado a subvencionar gastos de investimento tales como obras de reforma, ampliación e mantemento de infraestruturas, maquinaria e gasto corrente non condicionado. O seu reparto terá en conta, entre outros, a dimensión da comunidade universitaria (persoal e alumnado) e a superficie construída de cada institución. Este subfondo complementábase co novo convenio aprobado hoxe no Consello de 4,5M€ (a razón de 1,5M€ para cada universidade) para a mellora da eficiencia enerxética das infraestruturas universitarias.

Así mesmo, é novidade o subfondo centrado no plan de viabilidade financeira, eficiencia e mellora estratéxica, concibido como medida de fomento de actuacións de mellora en aspectos específicos da actividade das universidades. Deste xeito, o acceso aos créditos vinculados a este punto quedará condicionado ao cumprimento de obxectivos cuantitativos e cualitativos, tanto no eido académico, investigador e docente como no

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

eido financeiro, arredor de criterios como a optimización da oferta docente ou a elaboración e publicación da contabilidade financeira, entre outros.

Finalmente, inclúese neste fondo o panel de indicadores de resultados, con 41 indicadores agrupados en seis módulos: financiamento global, internacionalización, relación coas empresas, docencia innovadora, investigación avanzada e responsabilidade social. Para a valoración destes indicadores empregaranse sempre, datos medibles e obxectivos, obtidos de fontes contrastadas e accesibles a todas as partes implicadas.

Fondo da investigación

Pola súa banda, o segundo fondo, *Financiamento da investigación*, comprende as contías destinadas ao fomento da I+D+i e a transferencia. Neste sentido distínguense tres áreas diferenciadas, a primeira delas os créditos para o fomento da I+D+i e a transferencia no SUG, cuxo reparto estará vinculado a convocatorias en concorrencia competitiva, convenios para a execución de programas de investigación e transferencia de coñecemento desenvolvidos polas universidades galegas e outros organismos de investigación avanzada, dentro do marco das políticas autonómicas de I+D+i.

A maiores, inclúe os complementos retributivos estatais e as achegas destinadas ao cumprimento de obxectivos funcionais de órganos e entidades asociados ao fomento da I+D+i como a Fundación Rof Codina o Consorcio Interuniversitario de Galicia, o Centro Tecnolóxico de Supercomputación de Galicia e a Fundación Centro Tecnolóxico do Mar.

Cómpre sinalar que o Plan de financiamento universitario 22-26 reforza a investigación cun 41 % máis de fondos, ata os 400M€.

Certezas para as universidades

Os plans de financiamento universitario supoñen un dos puntos fortes de Galicia fronte á maioría das CCAA. Só Galicia e País Vasco contan con plans estables de financiamento que dan certeza ás súas universidades públicas. A existencia de plans plurianuais permitiu manter ás universidades galegas dentro dun marco financeiro estable e previsible, asegurando, ao mesmo tempo, a súa capacidade de planificación a medio prazo.

Outro aspecto diferenciador do sistema galega foi o de elaborar plans que vinculan de maneira crecente as contías a fondos vinculados a indicadores. Desta maneira, os fondos estables vencellados aos resultados das universidades foron gañando terreo na repartición anual ata acadar máis dun terzo do total ao remate do plan anterior.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA IMPULSA CON 2M€ O FOMENTO DA ECONOMÍA SOCIAL CON AXUDAS PARA A REDE EUSUMO, AS ASOCIACIÓNS E A CONTRATACIÓN DE 130 PERSOAS EN EMPRESAS DE INSERCIÓN

- O Consello da Xunta autorizou hoxe a convocatoria de tres liñas de axudas para 2022 que incrementarán o seu orzamento para seguir reforzando a economía social, unha fórmula que segue a crecer en Galicia con 3.148 entidades activas, 155 novas este ano
- A Administración galega investirá un millón de euros -un 25 % máis que en 2021- en apoios dirixidos ás empresas de inserción laboral para a contratación de 130 persoas en risco de exclusión social e para favorecer a creación de novas entidades
- Continuarase promovendo a economía social a través da Rede Eusumo para a que se destinarán 683.000 euros o próximo ano, un 7,7 % máis que neste exercicio
- A terceira convocatoria de axudas, cun presuposto de 330.000 euros (+10 %), ten por obxectivo financiar os gastos de funcionamento das entidades representativas da economía social para favorecer a súa consolidación
- A Xunta investirá en 2022 máis de 35 millóns de euros para a creación e fomento de emprego na economía social, un 6,1 % máis que en 2021, un ano en que se apoiaron a 281 entidades e 458 postos de traballo

O Consello da Xunta vén de autorizar hoxe a convocatoria para 2022 de tres liñas de axudas destinadas a seguir impulsando en Galicia a economía social. En total investiranse dous millóns de euros para apoiar nas empresas de inserción laboral a contratación de persoas en risco de exclusión social (1 millón) e para favorecer a creación de novas entidades deste tipo; para seguir promovendo esta fórmula empresarial a través da Rede Eusumo (683.000 euros); e para financiar os gastos de funcionamento das entidades representativas da economía social para favorecer a súa consolidación (330.000 euros).

Este investimento de dous millóns de euros forma parte do orzamento global que o Goberno galego destinará o próximo ano a crear e fomentar o emprego na economía social. Sumará en total máis de 35 millóns de euros, un 6,1 % máis que en 2021, un ano no que coas axudas autonómicas apoiáronse 281 entidades e 458 postos de traballo.

A primeira das liñas de axudas está dirixida a apoiar a unhas 14 empresas de inserción laboral para a contratación de 130 persoas en risco de exclusión social. Con respecto a 2021, a dotación económica inicial aumenta nun 25 %, chegando ao millón de euros. Trátase de ofrecer ás persoas contratadas formación e emprego na empresa de

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

inserción laboral durante un máximo de tres años para facilitarlles a súa integración no mercado de traballo. Para optar a estas axudas, cada empresa de inserción laboral deberá ter como mínimo un 30 % dos seus postos de traballo ocupados por persoas en situación de exclusión. Apoiaranse contratacións superiores aos 6 meses e xornadas laborais por riba do 50 %.

O programa da Xunta prevé o financiamento dos custos salariais cunha contía equivalente ao 100 % do salario mínimo interprofesional mensual por cada persoa traballadora en proceso de inserción contratada a xornada completa. Ademais, inclúe incentivos para favorecer a creación de empresas de inserción, para axudar na xestión e dirección das novas entidades e financiar as persoas técnicas en orientación que apoién os traballadores en situación de exclusión social.

Rede Eusumo

A segunda das convocatorias destínase a apoiar a actividade da Rede Eusumo, creada en 2012 polo Goberno galego para impulsar iniciativas de economía social. Así, a rede traballa na maduración de ideas e modelos de negocio e asesora e acompaña proxectos para a súa posta en marcha. O programa autonómico conta para 2022 con 683.000 euros, un 7,7 % máis que a edición deste ano. A previsión é beneficiar a preto de 50 entidades para a realización de actividades que poidan chegar a máis de 4.000 persoas, con axudas máximas de 190.000 euros por anualidade.

Na actualidade, Eusumo está formada por 87 entidades adheridas entre concellos, asociacións de entidades de economía social, asociacións empresariais, universidades, fundacións e cámaras de comercio. A través do asesoramento prestado pola rede, creáronse en Galicia 190 entidades de economía social, que xeraron máis de 540 empregos directos. Desde a súa constitución, Eusumo organizou 1.650 actividades formativas e informativas ás cales asistiron preto de 30.900 persoas e asesorou 1.200 grupos promotores para o impulso de proxectos cooperativos.

Por último, a Xunta investirá 330.000 euros (+10 % que en 2021) para sufragar os gastos de funcionamento das entidades asociativas máis representativas co obxecto de procurar un axeitado desenvolvemento destas estruturas e favorecer a súa consolidación.

A Xunta incrementa estas tres liñas de axudas para seguir reforzando este modelo de negocio que continúa a crecer en Galicia con 3.148 entidades activas, 155 constituídas este ano, o que supón un aumento do 5 %. A economía social ten demostrado a súa capacidade para xerar emprego tendo un papel destacado na economía galega, xa que representa o 7 % do seu PIB. É, polo tanto, un motor necesario para levar a cabo unha

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

reactivación económica social, sustentable e participativa. Do que se trata é de promover e visibilizar este modelo de negocio que crea emprego de calidade, integrador e asentado no territorio.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DESTINA 13 MILLÓNS DE EUROS Á CONTRATACIÓN DE ATA 585 PERSOAS MOZAS DESEMPREGADAS EN CENTROS DE INVESTIGACIÓN PÚBLICOS E PRIVADOS SEN ÁNIMO DE LUCRO

- O Goberno galego estreará este 2022 o programa Investigo, enmarcado no Plan Emprega Xuventude ao que a Xunta destinará en 2022 cerca de 52 millóns de euros para impulsar a contratación de menores de 30 anos e facilitar o seu acceso ao mercado laboral
- Coa liña aprobada hoxe polo Consello da Xunta ofrécese sufragar os custos laborais de mozas e mozos desempregados contratados polos organismos de investigación durante doce meses e a xornada completa

A Xunta incentivará en 2022 a contratación de persoas menores de 30 anos desempregadas por parte de centros e empresas que desenvolvan a súa actividade no campo da investigación, a tecnoloxía e a innovación. O Consello vén de aprobar un novo programa denominado Investigo, co que aspira a que entre 396 e 585 mozas e mozos poidan obter un contrato de doce meses e xornada completa.

Con Investigo, a Xunta aspira a xerar emprego xuvenil no eido da investigación, da tecnoloxía e da innovación. As axudas, cun orzamento de 13,1 millóns de euros, están abertas a organismos de investigación e difusión de coñecementos, universidades públicas, centros tecnolóxicos, parques científicos, entidades públicas e privadas sen ánimo de lucro e empresas que estean a investir en investigación e innovación.

Priorizaranse as ocupacións referidas á sanidade, transición ecolóxica e economía verde, así como as relacionadas con servizos de dixitalización e *big data* e proxectos de investigación no ámbito da cultura, as áreas sociais ou as artes.

O Goberno galego sufraga os custos laborais e salariais das persoas que incorporen administracións ou entidades, que deberán estar contratadas por doce meses e a xornada completa. Con estas medidas, a Xunta segue a propiciar a inserción laboral das persoas mozas, mellorando a súa cualificación e outorgándolles a posibilidade de desenvolverse profesionalmente en ocupacións con alta demanda como o emprego verde e as contornas dixitais.

Os programa forma parte dun plan máis amplo, o Emprega Xuventude, que a Xunta promoverá en 2022 con actuacións para o emprego dirixidas especificamente ás persoas máis novas e dotado cun total de 51,8 millóns de euros. Nace como nova iniciativa para

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

apoiar a contratación e a formación da mocidade galega. No seu marco, ademais de potenciarse as vocacións científicas por medio do programa Investigo, impulsarase a iniciativa Primeira experiencia profesional nas administracións (con 11,2 millóns de euros) e Talento 30 (con 22 millóns de orzamento). Este último estará destinado a incentivar e financiar a contratación de persoas mozas menores de 30 anos en empresas a través de contratos en prácticas ou de formación e aprendizaxe.

O Plan Emprega Xuventude dará continuidade a outros programas autonómicos como os obradoiros de emprego xuvenil que combinan formación e contratación ou a liña específica para a xuventude do programa Galicia Emprega coa que se prevé contratar en 2022 a 350 mozos e mozas na empresa.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA RECUPERA O PROGRAMA DE COIDADOS PORTA A PORTA PARA O ANO 2022 E MULTIPLICARÁ POR 15 O SEU ALCANCE

- Oito vehículos percorreren todos os concellos galegos agás as sete cidades achegando ás persoas maiores servizos de podoloxía, audioloxía e estimulación de memoria
- Realizarán tres estadias de catro días laborais en cada localidade, o dobre que na anterior edición, para o que se destina un investimento total de 9,6 millóns de euros
- Esta iniciativa impulsárase de xeito piloto no ano 2019, cando percorreu 20 concellos da Comunidade, e tivo que interromperse por mor da pandemia

O Consello da Xunta autorizou a recuperación do programa de Coidados Porta a Porta para o ano 2022, que multiplicará por 15 a súa extensión ata chegar a todos os concellos de Galicia agás as sete cidades. Esta iniciativa leva de xeito itinerante servizos de podoloxía, audioloxía e estimulación da memoria ás persoas maiores que viven no rural.

O programa púxose en marcha de xeito piloto no ano 2019, cando un autobús percorreu 20 concellos da Comunidade achegando estes coidados ás persoas maiores, nesta primeira experiencia, o proxecto contou cun investimento de 300.000 euros. Malia a boa acollida que tivo foi necesario pospoñer a súa segunda edición debido á pandemia.

Agora retomarase con todas as medidas de seguridade e incrementarase exponencialmente o seu alcance para chegar a todos os recunchos de Galicia. Así, habilitaranse oito unidades móbiles, en lugar da única que había inicialmente, que percorreren todos os concellos galegos agás as sete cidade e onde farán tres estadias de catro días laborais cada unha, case o dobre que na edición piloto.

O programa prolongarase durante dous anos —2022 e 2023— e o seu presuposto total ascenderá a 9,6 millóns de euros. A oferta do programa Coidados Porta a Porta estarán dispoñibles para calquera persoa maior de 55 anos que desexe desfrutar deste servizo de proximidade.

O Goberno galego confirma así a súa aposta por iniciativas que permitan ás persoas maiores vivir esta etapa das súas vidas onde desexen, xa sexa no rural ou nunha cidade. Este programa comparte finalidade co Servizo de Axuda no Fogar (SAF), no que Galicia é líder a nivel nacional; o programa Xantar na casa, que achega menús sans e equilibrados aos fogares das persoas maiores; ou a telasistencia, que lles permite recibir axuda con tan só pulsar un botón.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA ASINA UN CONVENIO CO INSTITUTO NACIONAL DE SEGURIDADE SOCIAL PARA IMPULSAR E CONSOLIDAR O SISTEMA DE TARXETA SOCIAL DIXITAL EN GALICIA

- Será o novo sistema de información sobre prestacións sociais que substituirá o actual, o Rexistro de Prestacións Sociais Públicas
- Ademais das axudas de inclusión, como Pensións Non Contributivas ou a Risga, pasará a ter datos tamén doutros eidos como a discapacidade, dependencia ou familias numerosas

O Consello da Xunta autorizou á sinatura dun convenio co Instituto Nacional de Seguridade Social (INSS) para impulsar e consolidar o sistema de Tarxeta Social Dixital en Galicia, que se converterá no novo sistema de información da Seguridade Social e que substituirá o actual, o Rexistro de Prestacións Sociais Públicas.

Este novo sistema, que aínda está en desenvolvemento, aglutinará máis información. Mentres que no Rexistro de Prestacións Sociais Públicas recollíase información sobre axudas de inclusión como as pensións non contributivas ou a Risga, na Tarxeta Social Dixital tamén figurará información sobre as prestacións de discapacidade, dependencia ou familias numerosas.

Con este novo rexistro de información, as administracións tratan de unificar os datos dos beneficiarios, evitar duplicidades e facilitar e axilizar trámites en axudas. O convenio que se autoriza hoxe ordenará o intercambio de información entre a Xunta e a Seguridade Social para ter unha radiografía real e obxectiva do mapa de prestacións e extraer así estatísticas que axuden a orientar as políticas públicas.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA INVESTIRÁ MÁIS DE SEIS MILLÓNS DE EUROS EN RENOVAR A FROTA DE VEHÍCULOS TODOTERREO E FURGONETAS PARA O SERVIZO DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA OS INCENDIOS FORESTAIS

- O Consello do Goberno galego autorizou hoxe a contratación para que a Consellería do Medio Rural conte cun total de 155 vehículos novos, entre todoterreos con e sen redutora e furgonetas para o transporte de pasaxeiros e material do dispositivo antiincendios
- No relativo aos todoterreos, renovarase máis da metade do parque móbil empregado por axentes ambientais e persoal técnico incidindo nos vehículos con 15 anos ou máis de antigüidade, así como nos que se tiveron que dar de baixa por ter sufrido algún sinistro
- Canto ás furgonetas, é preciso cubrir as necesidades de transporte de material entre as distintas dependencias do Servizo de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, así como o de persoas en determinadas circunstancias

O Consello da Xunta autorizou hoxe que a Consellería do Medio Rural proceda á contratación da subministración e entrega sucesiva dun total de 155 vehículos todoterreo e furgonetas para poñer á disposición do Servizo de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, dependente da Dirección Xeral de Defensa do Monte. Cun investimento superior aos seis millóns de euros, prevese en concreto renovar máis da metade da frota de todoterreos adquirindo 120 vehículos deste tipo e outros 30 sen redutora, así como cinco furgonetas para o transporte de carga e pasaxeiros. A dita contratación levarase a cabo mediante un acordo marco cun único empresario durante un tempo de 36 meses.

Así, coa finalidade de que o Servizo de prevención e defensa contra os Incendios forestais desenvolva con eficacia as funcións que ten atribuídas é preciso dotar este persoal de medios como son os vehículos todoterreo, para que poidan circular con seguridade por camiños e pistas forestais ou por zonas de difícil acceso e superar fortes pendentes a baixa velocidade. Tendo en conta a complexidade dos labores que desenvolven estes efectivos, considérase prioritaria a renovación dos vehículos todoterreo empregados por axentes ambientais e persoal técnico que teñan 15 ou máis anos, así como daqueles todoterreos en propiedade que se tiveron que dar de baixa por ter sufrido algún sinistro. Tamén se pretende incrementar o parque móbil con vehículos 4x4 sen redutora.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Canto á necesidade de furgonetas, cómpre apuntar que ás veces é necesario o transporte de persoas, por exemplo, o traslado de brigadas helitransportadas que por calquera motivo non poden regresar á súa base tras a actuación nun incendio. En canto á carga de material, é frecuente a repartición de equipos de protección individual (EPI) ou de diversas ferramentas do dispositivo entre as distintas dependencias do Servizo.

No que se refire ao tempo da contratación, será por un período de 36 meses para mellorar a xestión administrativa e orzamentaria. Tamén para adaptarse á consecución a medio prazo, durante tres anualidades, do obxectivo de renovación de todos os todoterreos de 15 ou máis anos ou daqueles que tiveran sufrido algún sinistro.

Mentres, efectuarase un acordo marco cun único empresario co obxecto de conseguir ofertas máis vantaxosas para a Administración, ao tempo que se garante que o persoal que traballa na prevención e defensa contra os incendios forestais en Galicia emprega o mesmo modelo de vehículo, apostando pola homoxeneidade do parque móbil do Servizo e por características comúns de seguridade e operatividade.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DESTINARÁ MÁIS DE 6 M€ EN 2022 A FINANCIAR PROXECTOS DE GRUPOS OPERATIVOS PARA A INNOVACIÓN NO AGRO GALEGO

- O Consello do Goberno galego autorizou a convocatoria das axudas da Consellería do Medio Rural a proxectos dos grupos operativos da Asociación Europea da Innovación (AEI), así como a exoneración aos beneficiarios da obriga de presentar avais bancarios para poder cobrar pagamentos parciais
- O obxectivo destas achegas é fomentar a innovación no medio rural, en áreas prioritarias como a xestión sustentable dos recursos naturais, sistemas agrarios de produción, cadea agroalimentaria, bioeconomía ou aplicación das tecnoloxías da información e a comunicación (TIC) ao sector

O Consello da Xunta autorizou hoxe a convocatoria das axudas por parte da Consellería do Medio Rural, a través da Axencia Galega da Calidade Alimentaria, para a execución de proxectos dos grupos operativos da Asociación Europea da Innovación (AEI), que contarán en 2022 cun orzamento superior aos 6 millóns de euros, cofinanciados co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do Programa de desenvolvemento rural (PDR) de Galicia 2014-2020.

O obxectivo principal destas subvencións é fomentar a innovación no medio rural, en áreas prioritarias de actuación tales como a xestión sustentable dos recursos naturais, sistemas agrarios de produción, cadea agroalimentaria, bioeconomía ou aplicación das tecnoloxías da información e a comunicación (TIC) ao sector.

Os grupos operativos -que deberán estar formados polo menos por dous membros- buscan poñer en marcha iniciativas piloto para o desenvolvemento de novos produtos, prácticas, procesos e tecnoloxías nos sectores agrario, forestal e da cadea alimentaria. O obxectivo último é resolver un problema ou aproveitar unha oportunidade determinada nos sectores agroalimentario e forestal.

Os beneficiarios destes fondos poderán ser agricultores, gandeiros, silvicultores e organizacións representativas destes, investigadores ou persoas que desenvolvan por conta propia a súa actividade no eido do medio rural. Tamén, empresas do sector agrícola, gandeiro ou forestal e as súas organizacións representativas, cooperativas agrarias e as súas asociacións e outras entidades que demostren intereses no fomento da competitividade da agricultura, na sustentabilidade dos recursos naturais e do clima ou desenvolvemento das economías e comunidades rurais.

Liberados de presentar avais

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Co fin de facilitar o acceso a estas axudas por parte destes beneficiarios, o Consello da Xunta acordou tamén hoxe exonerarlos da obriga de constitución de garantías polas cantidades aboadas a conta. Deste xeito, quedan liberados da obrigación de presentar avais bancarios para poder cobrar pagamentos parciais.

Esta medida adóptase porque os beneficiarios destas subvencións veñen sendo industrias, cooperativas e empresas galegas de pequena dimensión, que na actual situación económica teñen grandes dificultades para que as entidades financeiras lles concedan o aval que teñen que achegar coa xustificación e solicitude de pagamento parcial.

Polo tanto, a decisión repercutirá positivamente sobre os beneficiarios en particular e, de modo xeral, sobre a aplicación efectiva da innovación dentro do sector agrogandeiro e forestal galego, coa conseguinte mellora para a sociedade no seu conxunto. Todo isto, tendo en conta que a transferencia de I+D+i ao sector primario beneficia tanto aos diferentes elos da súa cadea de valor como aos consumidores en xeral.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA INVISTE MÁIS DE 2,4 M€ PARA O DESENVOLVEMENTO DE PROXECTOS PILOTO, NOVOS PRODUTOS, PRÁCTICAS E TECNOLOXÍAS NOS SECTORES ALIMENTARIO, AGRÍCOLA E FORESTAL NO ANO 2022

- O Consello do Goberno galego deulle hoxe o visto bo a esta convocatoria de achegas da Consellería do Medio Rural e a que os beneficiarios poidan cobrar pagamentos parciais sen ter que presentar aval bancario ningún
- Esta liña de axudas está destinada a fomentar a innovación nestes ámbitos produtivos mediante a incorporación de novidades ou coa aplicación de produtos, prácticas, procesos e tecnoloxías xa existentes onde tradicionalmente non se utilizaban

A Axencia Galega da Calidade Alimentaria, dependente da Consellería do Medio Rural, investirá máis de 2,4 millóns de euros en axudas para o apoio de proxectos piloto, desenvolvemento de novos produtos, prácticas, procesos e tecnoloxías, no ámbito agroforestal. Estas achegas están cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do Programa de desenvolvemento rural (PDR) de Galicia 2014-2020. O orzamento divídese en 480.263 euros en 2022, 1.440.789 euros en 2023 e 480.263 euros en 2024.

O Consello da Xunta deulle hoxe o visto bo á convocatoria destas axudas para o exercicio de 2022, así como á exención de garantías para que os beneficiarios poidan cobrar pagamentos parciais sen ter que presentar aval bancario ningún. Unha medida que se vén adoptando en anos anteriores para facilitar o acceso ás subvencións.

Os beneficiarios poden ser organizacións ou entidades relacionadas coa produción primaria en agricultura, gandería ou silvicultura e empresas ou industrias transformadoras destes sectores, así como da área de enerxías renovables de orixe agrícola e forestal.

En canto ás accións subvencionables, as áreas prioritarias de actuación son a xestión sustentable dos recursos naturais, os sistemas agrarios de produción, a industria e cadea agroalimentaria, a bioeconomía e a aplicación das tecnoloxías da información e comunicación ao sector.

As axudas para a implantación de proxectos piloto, desenvolvemento de novos produtos, prácticas, procesos e tecnoloxías nos sectores agroalimentario, agrícola e forestal

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

concédense cos obxectivos de mellorar a competitividade dos produtores primarios integrándoos mellor na cadea agroalimentaria a través de réximes de calidade, de engadir valor aos produtos agrarios e de facer promoción en mercados locais e en circuítos de distribución curtos, agrupacións e organizacións de produtores e organizacións interprofesionais.

Ao mesmo tempo, estas achegas contribuirán a facilitar a entrada no sector primario de agricultores adecuadamente formados, ao uso máis eficiente da enerxía na agricultura e na transformación de produtos agrarios e a promover a subministración e o uso de fontes renovables de enerxía, subprodutos, residuos e demais materia prima non alimentaria para impulsar o desenvolvemento da bioeconomía.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

GALICIA REFORZA O ESTUDO DAS PATOLOXÍAS QUE AFECTAN AO CULTIVO DE MOLUSCOS BIVALVOS EN CRIADEIRO PARA IMPULSAR A PRODUCCIÓN DE SEMENTE

- O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería do Mar e a Universidade de Santiago de Compostela para identificar e controlar os protozoos ciliados que causan mortalidade das larvas de especies como a navalla e a ameixa babosa e así mellorar os resultados no seu cultivo
- A Consellería do Mar destina a esta investigación preto de 40.000 euros a distribuír nas anualidades 2022 e 2023 coa finalidade de compensar os custos nos que incorre a USC para o desenvolvemento dos traballos que abarca esta acción, enmarcada nun proxecto do Centro de Investigacións Mariñas de Ribadeo
- Esta colaboración concorda con outros traballos anteriores entre o Executivo galego e a universidade compostelá e busca mellorar a obtención de semente en criadeiro para favorecer o abastecemento do sector e así incrementar a produción marisqueira e os ingresos dos profesionais do marisqueo

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería do Mar e a Universidade de Santiago de Compostela (USC) co obxectivo de afondar no coñecemento das patoloxías asociadas a protozoos ciliados que afectan aos moluscos bivalvos na súa produción en criadeiro, proceder á súa identificación e control e mellorar así o éxito da produción de semente en criadeiro.

Esta acción, que se desenvolverá no marco dunha investigación xa en marcha no Centro de Investigacións Mariñas (CIMA) de Ribadeo sobre a adaptación da navalla e da ameixa babosa no seu paso do criadeiro ao medio natural, conta cun orzamento de preto de 40.000 euros a distribuír nas anualidades 2022 e 2023 coa finalidade de compensar os custos nos que incorre a USC para o desenvolvemento dos labores que inclúe esta colaboración.

Este traballo susténtase na coordinación histórica entre ambas partes e no saber facer do CIMA de Ribadeo no ámbito dos cultivos mariños así como na investigación sobre patoloxías en acuicultura no caso da Universidade de Santiago. O obxecto principal do convenio é identificar os protozoos ciliados que infectan as larvas causando mortalidade dos moluscos bivalvos en criadeiro e establecer medidas de prevención e control -como a posible desinfección da auga- para favorecer unha mellora da produción.

O convenio de colaboración estará vixente desde a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2023 e poderá ampliarse de mutuo acordo. Co obxectivo de asegurar o

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

debido cumprimento do acordo crearase unha comisión de seguimento formada por dous membros da Consellería do Mar e outros dous da USC.

Outras investigacións

Esta acción de investigación concorda con outros traballos entre a Consellería do Mar e a USC como as colaboracións seladas tanto este ano como en 2019 para estudar melloras na produción de semente en criadeiros e o desenvolvemento larvario dos bivalvos para favorecer o abastecemento do sector e así incrementar a produción marisqueira e os ingresos dos profesionais do sector.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

GALICIA MANTERÁ EN 2022 AS AXUDAS DO SEU BONO ELÉCTRICO PARA GARANTIR A SUBMINISTRACIÓN NOS FOGARES MÁIS VULNERABLES

- A Xunta, a través da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación, destinará 1,9M€, que se ampliarán de ser necesario
- En 2021 estes apoios, que poden alcanzar os 450 euros anuais, chegaron a preto de 5300 familias
- Galicia é a única Comunidade que ten en marcha este mecanismo complementario ao estatal que evita o corte da subministración e garante o acceso a unha necesidade básica nun momento no que ademais a factura da luz se incrementou considerablemente

O Consello da Xunta de Galicia avaliou na súa reunión desta mañá as axudas do Bono eléctrico galego co obxectivo de renovar en 2022 esta convocatoria de apoios destinada ás familias máis vulnerables e que complementa ao bono social do Estado. A Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación reservará 1,9M€ a esta orde para evitar os cortes de subministración eléctrica nos fogares, unha contía que será ampliada no caso de ser necesaria.

As novas axudas, que este ano chegaron a 5278 familias, convocaranse no mes de xaneiro e dirixiranse a consumidores vulnerables severos en risco de exclusión social. Os destinatarios son persoas residentes en Galicia e titulares dun servizo de subministración eléctrica e sexan consumidores vulnerables severos (por tanto, beneficiarios do bono social estatal cun 40 % de desconto) e estean en risco de exclusión social.

As axudas outorgaranse por concorrencia non competitiva -é dicir, por orde de entrada da solicitude- a todos cantos cumpran os requisitos e suporán un 50 % da factura eléctrica correspondente á vivenda habitual do solicitante cunha contía máxima anual de 300 ou 450 euros -no caso de familias numerosas-. Ademais, estas familias con máis dificultades que se beneficien deste programa de apoios terán garantido o acceso continuado á subministración nos fogares, dando así resposta a unha necesidade básica dos cidadáns, pois non se lles poderá cortar o servizo mentres sexan beneficiarios desta axuda.

Como mostra do compromiso coa axilidade deste procedemento, establécese un prazo máximo dun mes desde a presentación da solicitude ata a súa resolución, polo que unha

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

vez que se comprobe que se cumpren os requisitos, realizarase o pagamento por parte da Vicepresidencia Económica directamente ás empresas comercializadoras de referencia coas que se renovará o protocolo de colaboración. Este pagamento realizarase de xeito mensual, segundo se vaian remitindo as facturas.

Galicia xa foi pioneira nesta liña de axudas no ano 2018 –é a única Comunidade que conta cun mecanismo destas características–. Desde entón concedéronse 15.030 axudas por un importe de algo máis de 4,8M€. Antes, a Xunta contaba co ticket eléctrico e con axudas para evitar os cortes de subministración das que se beneficiaron entre 2014 e 2017 máis de 12.500 familias. Polo tanto, desde 2014 ata agora, a contía global das axudas ascende a 6,35 millóns de euros, e con máis de 27.000 familias beneficiadas.

Con esta liña de axudas, adaptada á normativa estatal, a Xunta segue fiel ao seu compromiso coas familias máis desfavorecidas que non contan coa posibilidade de facer fronte ás súas facturas eléctricas, sobre todo nun momento no que a factura eléctrica se ten incrementado considerablemente. Asegúrase, así, o acceso a unha necesidade tan básica como é a enerxía eléctrica, garantindo que non se produzan cortes no servizo, xa que a normativa estatal establece que os puntos de subministración deste tipo de beneficiarios serán considerados esenciais e, polo tanto, non se lles poderá cortar sempre e cando exista o oportuno convenio entre a Administración autonómica e as comercializadoras.

A Xunta defende a necesidade de que o Goberno central poña en marcha un plan de choque coordinado coas comunidades autónomas e as empresas para paliar o incremento de prezos da electricidade que está lastrando ás empresas e autónomos e afectando aos fogares. Por iso é preciso que a Administración central adopte medidas estruturais para a reforma do sistema eléctrico.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA AVANZA NA ESTRATEXIA PARA O USO DA TECNOLOXÍA CLOUD NO SECTOR PÚBLICO AUTONÓMICO

- O Consello do Goberno galego aprobou hoxe un acordo marco que permitirá iniciar a primeira fase da Estratexia Cloud autonómica, poñendo en marcha un modelo de cloud privada que se situará no Clúster Data Centers Gaiás-Sionlla
- No primeiro trimestre de 2022 aprobarase un novo contrato marco para crear un modelo de consumo de servizos de cloud pública, que poderán contratar as administracións públicas
- Enmárcase nas medias de reforzo de infraestruturas tecnolóxicas da Xunta, que aposta unha estratexia mixta de cloud pública e privada que axilice a adopción de tecnoloxías avanzadas no sector público
- A Estratexia Cloud da Xunta tamén busca atraer investimentos para o que se fomentará a localización en Galicia de nodos de interconexión cos grandes provedores de cloud pública
- Con este obxectivo estase a elaborar una análise de viabilidade para a posible posta en marcha dunha estación de amarre de cable submarino de fibra óptica cun punto de xestión neutro en Galicia

O Consello do Goberno galego aprobou hoxe un acordo marco para a avanzar no uso da tecnoloxía cloud no sector público. É un paso máis no reforzo das infraestruturas dixitais da Administración autonómica, que optará por un módulo mixto de cloud pública e privada que axilice a adopción de tecnoloxías avanzadas no sector público. Así se recolle no informe Estratexia Cloud do Sector Público Autonómico elevada hoxe ao Consello da Xunta pola Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, Amtega.

A adopción do modelo cloud computing (computación na nube) é unha oportunidade para obter un servizo máis eficiente, sustentable e de calidade aliñado coas tendencias de infraestruturas tecnolóxicas a nivel global.

O contrato marco aprobado hoxe, por un importe de ata 12,4 millóns de euros, permitirá avanzar na primeira fase da Estratexia Cloud do Sector Público Autonómico, a posta en marcha dun modelo de cloud privada (para o sector público se situará no futuro Clúster Data Centers Gaiás-Sionlla). As vantaxes que achega este modelo son o aforro de custos, eliminando redundancias e duplicidades na adquisición de infraestruturas propias; melloras na eficiencia e na xestión das infraestruturas tecnolóxicas, grazas a homoxeneización e automatización que proporcionan as solucións cloud; aforro de tempos na implantación de proxectos; melloras na dispoñibilidade; compartición de recursos entre entes públicos; melloras na produtividade, na accesibilidade e na seguridade.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O seguinte paso será a implantación dun modelo de consumo de servizos de cloud pública para o que se prevé a aprobación dun novo acordo marco no primeiro trimestre do 2022 por un importe de 10 millóns de euros. Grazas a este modelo as administracións públicas poderán contratar diferentes servizos de cloud pública en función do proxecto ou as necesidades que teñan a través de contratos derivados do acordo marco.

Apostarase por solucións e aplicacións desenvolvidas con tecnoloxías disruptivas e crearase unha oficina de proxectos especializada e que coñeza os diferentes servizos proporcionados polos diferentes provedores de cloud pública para realizar labores de consultaría e asesoramento a aquelas entidades e organismos públicos que desexen desenvolver este tipo de proxectos.

Atracción de investimento

Ademais, a Estratexia Cloud da Xunta tamén busca atraer investimentos de provedores cloud o que fomentará a localización en Galicia de nodos de interconexión cos grandes provedores de cloud pública. Ademais, con este mesmo obxectivo tamén se está a elaborar una análise de oportunidade e viabilidade para a posible posta en marcha dunha estación de amarre de cable submarino de fibra óptica cun punto de xestión neutro en Galicia.

En caso de que a análise conclúise coa viabilidade do proxecto a Administración autonómica estaría disposta a acometer o investimento para a creación da estación de amarre de cable submarino, sempre que haxa interese no mercado, para o que se está a levar a cabo unha sondaxe no sector .

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA INVISTE 1,2 MILLÓNS DE EUROS PARA A COMPRA DE CATRO EQUIPOS DE MAMOGRAFÍA DIXITAL DOTADOS DA TECNOLOXÍA 3D

Irán destinados ás áreas sanitarias de Santiago e Barbanza, A Coruña e Cee e á de Vigo, para o cribado mamográfico do Programa galego de detección precoz do cancro de mama

A Xunta de Galicia vai investir un total de 1.210.000 euros para a compra de catro equipos de mamografía dixital destinados ao cribado mamográfico do Programa galego de detección precoz do cancro de mama. Os novos equipos estarán dotados da tecnoloxía dixital 3D (tomosíntese), que reduce a superposición de tecidos, mellorando a taxa de detección e reducindo o número de biopsias. Os centros destinatarios dos catro equipos son, un para o Hospital Gil Casares, na Área Sanitaria de Santiago e Barbanza; outro para o Hospital Abente e Lago, na Área Sanitaria da Coruña e Cee, e o Hospital Meixoeiro, da Área Sanitaria de Vigo, ao que van dous equipos.

Este investimento forma parte dos máis 90 millóns de euros que os orzamentos da Xunta para 2022 prevén para a renovación e ampliación de equipamento tecnolóxico na sanidade pública galega (equipos de ecografía, bloques cirúrxicos e diagnóstico por imaxe). Esta aposta nos orzamentos para 2022 continúa á xa efectuada en 2021, cun Plan de renovación e modernización do equipamento sanitario dotado con 60 millóns de euros, que permitiu a compra de sete sistemas cirúrxicos robotizados Da Vinci e 37 equipos radiocirúrxicos.

Datos do programa

Sinalar que o Programa galego de detección precoz do cancro de mama púxose en marcha no ano 1992 e foise estendendo ata cubrir, no ano 1998, o 100 % da poboación obxectivo. Ata o ano 2004, a poboación diana a constituían as mulleres residentes en Galicia de 50 a 64 anos. Seguindo as directrices da Unión Europea, a partir do ano 2005 o Programa comezou a ampliación progresiva do grupo de idade ata os 69 anos, obxectivo que se acadou no 2009.

Un dos indicadores principais de resultados é a participación: no período 1992-2019 realizáronse 2.704.969 exploracións. A participación global obtida foi do 79,12 %. O obxectivo de participación aceptable establecido polas guías europeas de garantía de calidade en cribado e diagnóstico mamográfico é do 70 %, acadado polo Programa en todo o período, e o obxectivo desexable é do 75 % acadado polo Programa a partir do ano 2006 de maneira continuada.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Polo que respecta aos resultados da proba de cribado, no período 1992-2019, indicóuselles unha valoración clínica adicional ao 2,9 % das mulleres exploradas. No resto das mulleres obtívose un resultado normal da exploración mamográfica.

No que atinxe á taxa de detección de cancro de mama, no período 1992-2018 diagnosticáronse 9.382 cancros entre as pacientes remitidas ao hospital para estudo, unha taxa de detección de 3,68 cancros por 1.000 mulleres exploradas. A taxa de detección (datos provisionais) para o período xaneiro-décembro de 2019 é de 4,46%.

Nun estudo de supervivencia levado a cabo en mulleres galegas do grupo de idade do programa e diagnosticadas de cancro de mama no período 1996-2009, constatouse que as mulleres diagnosticadas polo programa presentaron mellores resultados que as diagnosticadas ao marxe do programa, cunha supervivencia relativa aos cinco anos do 96,6 % e 83,1 % respectivamente.

Polo que respecta ao impacto na mortalidade por cancro de mama en mulleres de 50-69 anos (grupo de idade diana do programa), producíronse 910 menos das esperadas, o que representa unha diminución maior do 20 % dos casos observados fronte ao que podería esperarse en ausencia de cribado poboacional.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DESTINA 317.000 DE EUROS PARA COMBATER A COVID-19 NOS CENTROS SANITARIOS

Este investimento xustifícase dentro do protocolo de actuación para facer fronte á epidemia da COVID-19 que elaborou no seu día o comité de expertos

O Consello da Xunta vén de autorizar hoxe a tramitación de emerxencia dun expediente cun orzamento total de 317.058 euros, destinados á adquisición de material para combater a COVID-19 na Área Sanitaria de Pontevedra-Salnés.

En concreto, o expediente abrangue á compra dunha ampla gama de material sanitario para abordar con garantías as consecuencias da onda. Trátase, neste caso, de probas de detección, e de envío de medicación do servizo de farmacia hospitalaria, entre outros.

A adquisición deste material xustifícase dentro do protocolo de actuación para facer fronte á epidemia da COVID que elaborou no seu día o comité de expertos, e que prevé, entre outras medidas, a necesidade de facer provisión de materiais e recursos necesarios no caso de posibles rebrotes.

O Comité de expertos está formado pola Dirección Xeral de Saúde Pública da Consellería de Sanidade e a Dirección Xeral de Asistencia Sanitaria do Sergas, a Fundación Pública Urgencias Sanitarias de Galicia-061, representantes das áreas sanitarias e representantes médicos especialistas en enfermidades infecciosas e de urgencias hospitalarias.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal

